



Actividades 2019

Nesta memoria de actividades recóllense as principais actividades desenvolvidas polo Consello Económico e Social de Galicia no último ano, entre elas a Memoria sobre a situación económica e social, informes, colaboracións e convenios con outras entidades, xornadas, a presenza e participación institucional en actos e, por último, a celebración de numerosas reunións organizadas por outras institucións.

Os primeiros apartados están dedicados a describir qué é o CES, o seu funcionamento e métodos de traballo. Tamén se recolle a composición do organismo, coas persoas, entidades e organizacións que forman o Pleno e os distintos órganos colexiados, así como o número de sesións celebradas e os principais contidos destas.

A memoria céntrase de seguido nos principais traballos realizados polo Consello ao longo do ano, sobre todo ***na Memoria sobre a situación económica e social de Galicia*** correspondente a 2018, os Ditames sobre anteproxectos de lei e os informes realizados sobre o sector manufactureiro e a rede básica transeuropea de transporte de mercadorías.

Como órgano consultivo en materia socioeconómica e símbolo da vocación de pluralidade e consenso, o CES continúa ca súa participación no Observatorio Galego de Dinamización Demográfica do que este organismo é sede dende a súa creación.

E ampliando diálogos e colaboracións, convertidos na nosa sinal de identidade, mantivemos colaboracións, entre outras, coas tres universidades galegas, e xa no ámbito europeo, tivemos activa presenza como socios na Rede Transnacional Atlántica (RTA),.

CAPÍTULO 1.- O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

1.1 NATUREZA E FINALIDADE

O Consello Económico e Social é un organismo consultivo da Xunta de Galicia en materias socioeconómicas. Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, o CES configúrase como foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia coa finalidade de facer efectiva a participación destes axentes na política socioeconómica da comunidade autónoma.

O CES de Galicia foi creado pola devandita Lei 6/1995, do 28 de xuño, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, para facilitar a participación de tódolos galegos na vida política, económica e social e atender a aspiración dos axentes económicos e sociais de que as súas opinións e propostas podan ser tidas en conta no proceso de adopción de decisións por parte do executivo autonómico.

No CES está representado un variado abano de organizacións socio-profesionais, entidades e asociacións de todo tipo –desde os sindicatos ás Universidades, dos pescadores aos consumidores–, o que lle confire o seu especial carácter de foro permanente de diálogo e deliberación entre a sociedade civil organizada e a Xunta de Galicia para o exercicio da súa función consultiva.

Como novidade, este ano foi incorporado un representante do sector da economía social proposto polo Consello da Economía Social de Galicia (modificación do artigo 7 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, relativo á composición do organismo e designación).

A labor do CES aplícase non só á actividade normativa governamental, senón mesmo á elaboración, por iniciativa propia, de estudos e informes que conteñen propostas dirixidas a unha eventual introdución de reformas nas políticas públicas aplicadas nos diferentes sectores de actividade.

O Consello é un organismo independente do Executivo autonómico. Na súa composición, a diferenza do que acontece con órganos homólogos doutras comunidades autónomas, non figura ningún representante do Goberno.

O ámbito obxectivo para o exercicio das funcións atribuídas ao Consello son as materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, en concreto as relativas á economía, tributación, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, enerxía e industria, vivenda e mercado único europeo.

Queda fóra deste ámbito de competencias e eido das relacións laborais, atribuído en exclusiva ao Consello Galego de Relacións Laborais.

O presidente da Xunta de Galicia é o encargado de solicitar do consello a emisión de ditames ou informes de carácter preceptivo sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos legislativos ou plans xerais ou sectoriais. Cando un departamento ou consellería competente entenda que un proxecto non require ditame preceptivo, deberá xustificar, coa correspondente memoria explicativa, a non remisión do mesmo a este organismo.

1.2 FUNCIONS

As funcións do Consello Económico e Social de Galicia, reguladas no artigo 5 da súa Lei de Creación son:

- 1- Emisión de ditames preceptivos sobre anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos que regulen materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de

Galicia. Tamén pode ser consultado facultativamente para outros asuntos ou materias non comprendidas no apartado anterior.

- 2- O Consello tamén elabora informes, por iniciativa propia ou a petición da Xunta de Galicia, sobre a realidade socioeconómica da Comunidade ou sobre plans o programas de desenvolvemento da mesma. Nese eido, pode dar a coñecer ó Goberno a súa opinión –o parecer dos seus membros– sobre a execución destes plans.
- 3- A participación en mesas sectoriais xunto con representantes da Administración é outra das funcións do CES.
- 4- A Lei recolle tamén a obriga de elaborar anualmente e remitir ao Consello da Xunta, a través da Consellería de Economía e Facenda (a día de hoxe desdoblada na área de economía, por un lado, e de facenda, por outro), unha memoria sobre a situación económica e social de Galicia. Este traballo pode incluír opinións e recomendacións sobre as políticas gobernamentais.

1.3 COMPOSICIÓN

O Consello Económico e Social está formado por 38 membros: tres grupos de 12 membros, máis o Presidente/a e o Secretario Xeral.

- Grupo 1: Os seus doce membros son designados polas **organizacións sindicais** en función da súa representatividade. Neste momento, catro membros corresponden á Confederación Intersindical Galega, catro a UGT–Galicia e catro membros representan a Comisións Obreiras de Galicia.
- Grupo 2: corresponde as **organizacións empresariais** con capacidade representativa. Os seus doce membros son designados pola Confederación de Empresarios de Galicia.

- Grupo 3: Acolle diversas **entidades e asociacións cidadáns, culturais e socioeconómicas** máis representativas da realidade económica e social de Galicia . O sector agrario conta con catro representantes (segundo a representatividade obtida nas últimas eleccións agrarias, dous membros de Unións Agrarias e dous do Sindicato Labrego Galego); dous membros do sector marítimo pesqueiro, designados polas confrarías de pescadores (un de marisqueo e un de baixura); dous membros en representación do Consello Galego de Consumidores e Usuarios; tres representantes das Universidades galegas e un representante da economía social designado polo Consello Galego de Economía Social.

Cada membro ten un suplente para cubrir as súas eventuais ausencias ás reunións de traballo. Os membros son nomeados para un período de catro anos, aínda que poden ser substituídos pola súa organización en calquera momento. O substituto permanecerá no cargo ata o final do período previsto para o seu antecesor.

- **Composición do Pleno en 2019**

A composición do plenario do CES pode variar, xa que os membros poden ser substituídos polas súas respectivas organizacións en calquera momento do seu mandato por circunstancias diversas.

Tendo en conta esta precisión, e dado que unha composición actualizada en cada momento pode consultarse na páxina web do Consello, nesta Memoria de actividades se recollen os membros do Pleno do CES a 31 de decembro de 2019 (titulares e suplentes).

Organizados por grupos e segundo a organización á que pertencen, son os seguintes:

Presidente

-Agustín Hernández Fernández de Rojas

Secretario Xeral

-Juan José Gallego Fouz

Membros titulares

Grupo 1.- Organizacións sindicais

UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES-UGT Galicia:

- José Domingo Barros Montáns
- Delia Irene Martínez Conde
- José Carlos Rodríguez del Río
- Mónica Rodríguez Ponte

CIG (Confederación Intersindical Galega):

- Héctor López de Castro
- Natividade López Gromaz
- Miguel Malvido Cabirto
- Susana Méndez Rodríguez

CC.OO. de Galicia:

- Maica Bouza Seoane
- Xesús Castro Baamonde
- Roi Fernández Rodríguez
- Carlos Pardo Pardo

Grupo 2.- Organizacións empresariais

CEG (Confederación de Empresarios de Galicia):

- Antón Arias Díaz Eimil
- Jorge Cebreiros Arce
- Francisco Couso Santos
- Ángel Fernández Presas
- José Carlos González Fernández
- Ángel Hermida Lage
- José Manuel Maceira Blanco
- Javier Martínez López
- Jesús A. Méndez Álvarez-Cedrón
- Marisol Novoa Rodríguez
- Elier Ojea Ureña
- José Manuel Piñeiro Rivas

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións:

Unións Agrarias de Galicia:

- Rosa Arcos Caamaño
- Pedro González Boquete

Sindicato Labrego Galego:

- Ramón Barreiro Carnota
- Marieta Pastoriza Martínez

Federación galega de confrarías:

- Manuel Daniel Formoso Moledo
- José Antonio Pérez Sieira

Consello Galego de Consumidores e Usuarios:

- Miguel López Crespo
- Rosa Celia Otero Raña

Universidade da Coruña:

- Domingo Calvo Dopico

Universidade de Santiago de Compostela:

- Edelmiro López Iglesias

Universidade de Vigo:

- José María Martín Moreno

Consello Galego de Economía social:

- Antón Insua López

Membros suplentes

Grupo 1.- Organizaci3ns sindicais:

UGT–Galicia:

- Mar Alfonsín Madrigal
- Olga Crespo Sánchez
- José Luís Fernández Celis
- Raquel Seijas Lamelas

CIG (Confederaci3n Intersindical Galega):

- Margarida Corral Sánchez
- Lucía Freire Ces
- Anxo Noceda Carballo
- Xavier Rodríguez Fidalgo

CC.OO. de Galicia:

- Omar Ceveira Vázquez
- Silvia Parga Rodríguez
- Alejandro Rodríguez Pazos
- Demetrio Vázquez Martínez

Grupo 2.- Organizaci3ns empresariais:

Confederaci3n de Empresarios de Galicia:

- Marta Amate López
- Mª del Mar Barreiros Mariño
- María Botana Rocamonde

- Marina Graña Bermúdez
- Jaime Luis López Vázquez
- José Antonio Neira Cortés
- Laura Otero Rúa
- Cristina Rama Molinos
- Rosa María Sánchez Gándara
- Verónica Val Vázquez
- Miguel Varela Varela
- Ana Belén Vázquez Eibes

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións:

Unións Agrarias de Galicia:

- Jacobó Feijóo Lamas
- cristina Pedreira González

Sindicato Labrego Galego:

- Ana Eiras Regueira
- Xosé Pérez Rei

Federación de Confrarías:

- José Basilio Otero Rodríguez
- José Manuel Rosas Otero

Consello Galego de Consumidores e Usuarios:

- Josefa Monteagudo Romero
- Ana Olveira Blanco.

Universidade da Coruña:

-Angel S. Fernández Castro

Universidade de Santiago de Compostela:

-Melchor Fernández Fernández

Universidade de Vigo:

-Jorge Falagán Mota

Consello Galego de Economía Social:

-Esther Blanco Araújo

• Órganos

A participación efectiva dos membros no traballo do CES artéllase a través de distintos **órganos colexiados**: o Pleno, a Comisión Permanente e as Comisións Sectoriais. O consello conta tamén con dous **órganos unipersoais**, o Presidente e o Secretario Xeral.

O Pleno

É o órgano de goberno do Consello. Está composto polos seus 38 membros, todos con dereito a voto agás o secretario xeral. O Pleno establece as liñas xerais de actuación do consello e organiza o seu funcionamento interno, aproba os ditames, estudos ou informes, decide a elaboración doutros traballos e aproba tamén a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia.

A Comisión Permanente

É o órgano colaborador do Pleno no goberno do CES. Está composta polo presidente, o secretario xeral e nove membros titulares, tres de cada un dos grupos que o compoñen. Entre as súas funcións destaca a supervisión das actividades do organismo e a coordinación dos traballos das diferentes comisións. A Comisión Permanente eleva ao Pleno canto estima necesario para o mellor funcionamento do consello.

As Comisións Sectoriais

As tarefas cotiás de elaboración de informes e ditames están adscritas ás comisións sectoriais, grupos de traballo de nove membros que manteñen a representación proporcional do Pleno (con tres membros de cada un dos grupos do plenario). O ces funciona con catro comisións sectoriais especializadas por ámbitos:

- CS-1: Economía, emprego e sectores produtivos.
- CS-2: Sector público e benestar social.
- CS-3: Desenvolvemento rexional.
- CS-4: Memoria socioeconómica de Galicia.

O Presidente

Representa ao Consello e dirixe as súas actuacións, ademais de velar polo bo funcionamento do mesmo.

O Secretario Xeral

É o órgano de asistencia técnica e administrativa do CES e o depositario da fe publica dos seus acordos.

1.4 FUNCIONAMENTO

Para explicar o funcionamento dos distintos órganos do Consello no desenvolvemento das súas funcións, podemos distinguir entre dous tipos de procedementos, o externo, que é o que se segue para solicitar do organismo un ditame, e os internos, que serían os procedementos que seguen a esta petición ou calquera dos traballos que se inician.

• O procedemento externo

O procedemento establecido para que o Goberno galego solicite a actuación consultiva do CES foi definido tamén polo Consello da Xunta na devandita sesión de febreiro de 1999, nos seguintes termos:

“1.- Correspóndelle ao Presidente da Xunta solicitar do Consello Económico e Social de Galicia a emisión de ditames ou informes sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos lexislativos e plans xerais ou sectoriais a que se refire o artigo 5.1.1. da Lei 6/1995, do 28 de xuño, así como aquel outros dos que a solicitude teña carácter preceptivo.

2.- Os departamentos ou consellarías con competencias para a elaboración dos anteproxectos, proxectos e plans sinalados no apartado 1 deste acordo, cando fose preceptivo o informe do Consello Económico e Social de Galicia, de acordo coa súa lei de creación, interesarano do presidente da Xunta. A petición de ditames irá acompañada de toda a documentación necesaria para se poder pronunciar.

3.- Cando os departamentos ou consellarías competentes estimen que os anteproxectos, proxectos ou plans a que se refire o punto 1 deste acordo non requiren ditame preceptivo do CES-Galicia, xustificaran o dito extremo mediante a incorporación ao expediente dunha memoria, asinada polo secretario xeral, na que se precisen as razóns polas que non se considera preceptivo o ditame, salvo no caso de que este finalmente se interese.”

• *Os procedementos internos*

O seu Regulamento de Réxime interno, aprobado polo Pleno na súa sesión de 29 de abril de 1996 (DOG do 11 de xuño de 1996) e modificado polo Pleno na sesión de 9 de marzo de 1999 (DOG do 24 de marzo de 1999) e na sesión de 22 de febreiro de 2001 (DOG do 15 de marzo de 2001), regula os procedementos internos do Consello, tanto o procedemento xeral como os distintos procedementos específicos.

O **procedemento xeral** iníciase, unha vez recibida a petición de elaboración dun ditame, coa remisión da mesma por parte do presidente do Consello ao presidente da comisión sectorial competente segundo o asunto de que se trate. A vez, notifícase esa remisión á Comisión Permanente e, por extensión, en virtude dun acordo plenario, a todos os membros do CES.

Unha vez recibido o encargo, no que se fixan tamén os prazos máximos para o remate do traballo, a comisión sectorial organiza o seu labor do xeito que considera mais oportuno, sempre contando co apoio dos servizos técnicos do consello, en particular do centro de documentación e do Gabinete técnico. Se se estima necesario, pode contar co asesoramento de expertos externos.

Unha vez rematado o traballo e redactada unha proposta de ditame (os informes ou estudos iniciados por propia iniciativa seguen un proceso similar, agás na súa orixe), entregáselle ao presidente do CES, que é o encargado de enviálo á Comisión Permanente como paso previo á convocatoria do Pleno. Nalgún caso, e previa delegación do Pleno, a propia Comisión Permanente pódese encargar da aprobación dalgún dos traballos do Consello. No caso de que a aprobación corresponda ao Pleno (que é o habitual), a Comisión Permanente limitarase a coñecer o texto remitido pola comisión sectorial e convocar a celebración da sesión plenaria.

Antes da data sinalada para a mesma, os membros do Consello poden presentar as emendas que estimen oportunas ao texto proposto. Se se trata de emendas totais, estas deben ir acompañadas dun texto alternativo.

O Pleno debate o texto elaborado pola comisión sectorial e mais as posibles emendas, que, sometidas a votación, son incorporadas ou non. Finalizado o debate, o texto final sometese tamén a votación para a súa aprobación. Se non se acadara unha maioría suficiente, o texto podería volver a remitirse á comisión sectorial para a súa remodelación segundo os parámetros expresados na sesión. Se, polo contrario, a maioría dos membros do Pleno vota a favor do texto, o procedemento remata coa inclusión do resultado e os posibles votos particulares na resolución aprobatoria e a remisión do texto final á Xunta de Galicia.

Cada un dos traballos que aborda o Consello Económico e Social de Galicia ten o seu propio **procedemento específico** de elaboración aprobado pola Comisión Permanente, que son lixeiras variacións respecto a este esquema xeral para adaptalo as características concretas dos informes, ditames, informes-opinión ou a Memoria socioeconómica.

1.5 SERVIZOS TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS

Para o cumprimento dos seus fins, o Consello Económico e Social de Galicia conta cunha estrutura de técnicos e persoal de administración formada por nove traballadores, que se organiza en distintos departamentos:

O Gabinete Técnico

É o encargado da elaboración dos traballos preliminares para a redacción dos informes e ditames do Consello, cunha descrición e análise pormenorizada do obxecto do estudo. Está composto por dous expertos en materias socioeconómicas. O Gabinete aporta as referencias estatísticas necesarias para os traballos, as analiza e prepara unha proposta da parte descritiva do informe para a súa posterior avaliación por parte das comisións sectoriais. O seu labor

céntrase na redacción da memoria anual sobre a situación económica e social de Galicia e dos distintos informes e ditames que, por propia iniciativa ou a petición da Xunta de Galicia, elabora o Consello. A partir das súas propostas, redáctanse as consideracións, que son aportadas polos distintos membros da comisión sectorial competente.

O Centro de Documentación

Encargase de proporcionar as Comisións Sectoriais, á Permanente e, no seu caso, ao Pleno do CES todos os datos que precisen para a correcta elaboración dos seus traballos. Tamén pon a disposición dos membros do Consello fondos e recursos documentais, en calquera lugar no que se atopen, na mais ampla gama de soportes. Xestionar eses fondos dunha maneira rápida e áxil é o fin último do Centro de Documentación do CES-Galicia.

A función do Centro de Documentación e apoio ao Consello é facilitar aos seus membros e ao Gabinete técnico os materiais bibliográficos e documentais que podan necesitar para as súas reunións e para unha axeitada toma de decisións. O centro ofrece información especializada na área socioeconómica aos membros do CES-Galicia e ao persoal técnico deste. Internet é nunha ferramenta básica para o traballo do departamento desde hai varios anos.

Así mesmo o Centro de Documentación encargase de manter actualizados as publicacións periódicas dixitais na páxina web así como os indicadores de conxuntura da economía galega.

Departamento de Xestión

Encargase de todas as funcións de xestión presupostaría e contable, da contratación de servizos e subministracións, do seguimento das obras, reformas e mantemento das instalacións e, dun xeito destacado, da xestión de recursos humanos do organismo.

Gabinete de Comunicación

As tarefas de exteriorización da actividade do organismo artéllanse no Gabinete de Comunicación. Dunha banda, este departamento é o encargado, baixo a coordinación e con dependencia funcional do Secretario Xeral, do seguimento dos procedementos que ten en marcha o Consello e o cumprimento dos prazos establecidos pola lei para o seu remate. As relacións cos membros do Consello son parte fundamental do seu labor diario. Por outra banda, o gabinete é o responsable das relacións externas, das relacións cos medios de comunicación e da coordinación das publicacións do CES, entre elas a presente memoria. Entre as súas responsabilidades inclúese tamén, en coordinación co centro de documentación, participar no contido da páxina web do Consello, na que estamos a incluír, nunha area privada para os membros, todo o material documental necesario para o desenvolvemento das distintas sesións das comisións sectoriais.

- O responsable da unidade de **Administración da rede informática**, que depende orgánica e funcionalmente do centro de documentación, encargase do deseño e mantemento dos sistemas de información e novas tecnoloxías do Consello, así como da crecente aplicación das mesmas ao traballo diario. Tamén está a traballar no soporte técnico da páxina web do Consello.
- Tres **auxiliares** administrativos–técnicos auxiliares en informática, que dependen organicamente do departamento de xestión e funcionalmente dos responsables das áreas as que están adscritos, realizan o apoio administrativo necesario no desenvolvemento das actividades propias do Consello.

1.6 ORZAMENTO

O orzamento do Consello Económico e Social de Galicia para 2019 ascendeu a 952.282 euros, cun incremento de 3,18 % respecto ao ano anterior. Malia subida, aínda que non chega as cifras que manexou o organismo en décadas anteriores, permitiu, en todo caso a dotación certo marxe de manobra para o desenvolvemento das actividades que se levaron a cabo.

O novo presuposto cun incremento do capítulo I, consecuencia da variación prevista para todo o persoal ao servizo das administracións públicas, no capítulo II, dotacións esenciais para o funcionamento do organismo e tamén no capítulo IV destinado a compensación económica das organizacións representadas no CES polos gastos que se lles ocasionen. Máis concretamente, no capítulo I, gastos de persoal, contou con 640.983 euros e no capítulo II, gastos de bens correntes e servizos, acada os 131.072 euros e para os IV e VI, 150.227 e 30.000 euros respectivamente.

CAPÍTULO 2.- UN ANO DE ACTIVIDADE

Entre as actividades desenvolvidas polo Consello Económico e Social de Galicia no ano 2019, en cumprimento das funcións que lle son propias, aprobáronse neste ano, a memoria socioeconómica anual, dous informes e seis ditames; resúmense as reunións celebradas polos seus órganos colexiados, cos seus acordos mais destacados. Tamén facemos un breve resumo da importante actividade institucional desenvolvida nestes doce meses, tanto no marco intercomunitario como no eido europeo, a través da habitual colaboración con organismos homólogos na Rede Transnacional Atlántica (RTA) ou cos CES da “raia” hispano-lusa; as colaboracións cas Universidades, Consellerías, Asociacións e Federacións na realización de xornadas e elaboración de estudos relacionados ca actualidade galega.

Como sempre, información mais polo miúdo pode atoparse na web do CES, onde están dispoñibles todos os documentos a texto completo. Esta documentación pode atoparse no apartado de Publicacións ou procurarse a través do buscador.

2.1 DOCUMENTOS APROBADOS

MEMORIA SOBRE A SITUACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL 2018

Unha das funcións asignadas ao Consello é a elaboración dun estudio global sobre a situación socioeconómica da Comunidade Autónoma, o documento máis importante que elabora este organismo cada ano. A Comisión sectorial responsable é a nº 4, neste ano, a presidencia da comisión correspondeu á representante do sindicato UGT-Galicia. A proposta de Memoria elaborada pola dita comisión sectorial foi tramitada pola Comisión Permanente deste organismo na súa sesión 6/19, do 29 de xullo e de acordo coa normativa, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia aprobou por unanimidade, na

súa sesión 6/19, do 31 de xullo, a presente Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2018.

Como cada ano, estudiase a situación sobre os datos estatísticos correspondentes ao exercicio anterior.

O documento mantén unha estrutura de cinco capítulos, ademais dun apartado que recolle o resumo e as consideracións dos membros do Consello, as súas inquedanzas consensuadas sobre distintos aspectos da vida económica e social de Galicia. Dende o CES entendemos que este é o principal valor do noso traballo.

Aínda que, como é habitual, esta Memoria 2018, como as anteriores, pode consultarse na páxina web do CES, recóllense de seguido as consideracións mais salientables aportadas polo Consello, agrupadas, segundo a estrutura do documento, en cinco apartados mais unha consideración xeral:

Consideración xeral

O CES considera necesario deixar patente a dificultade de abordar unha análise dos sectores produtivos, especialmente no caso do sector primario, atendendo á perspectiva de xénero, xa que moitas das bases estatísticas non recollen de xeito diferenciado os datos para homes e mulleres.



1. PANORAMA ECONOMICO.

Ante a desaceleración experimentada pola economía galega no ano 2018, o CES quere poñer de manifesto a importancia de manter un crecemento económico que permita seguir avanzando na redución da taxa de

desemprego e no incremento tanto da taxa de actividade como de ocupación. O CES resalta que a reorientación da economía cara a parámetros máis ecolóxicos pode constituír un novo motor do crecemento, un xenerador neto de empregos de calidade e unha estratexia vital para erradicar a pobreza persistente.

Contexto económico xeral

O CES segue a ver con preocupación os posibles cambios que se están a producir na economía mundial derivados da tendencia proteccionista de EEUU e do Brexit, así como das debilidades estruturais dalgúns países europeos, que poden incidir negativamente na nosa economía. Neste senso, o CES manifesta a necesidade de afrontar estes retos e resistir estas tensións sen xerar desequilibrios no noso crecemento.

O CES pensa que se debe acelerar o paso cara unha economía verde con alto contido tecnolóxico e creadora de novas fontes de emprego en enerxía, transporte, edificación e reciclado.

O noso novo modelo de crecemento económico débese apoiar cada vez máis na economía circular para acadar unha maior contribución á sociedade, con criterios de eficiencia e transparencia e xerando o menor impacto posible.

A economía española

O CES resalta a súa preocupación pola aportación negativa do sector exterior ao crecemento económico español, o que indica unha perda de competitividade da economía nacional, e as posibles consecuencias que isto pode ter sobre a nosa economía, o que se empeza a reflectir no índice da competitividade rexional.

A economía galega

Agregados da demanda

O CES pon de manifesto a necesidade de apoiar condicións favorables para o impulso do investimento produtivo, así como favorecer políticas económicas estables que xeren confianza.

Agregados da oferta

O CES considera necesario apostar por unha política económica que facilite a adaptación do sistema produtivo ao actual contexto de rápidas e profundas transformacións que se están a producir, para garantir un crecemento duradeiro e sostible que favoreza a creación de emprego de calidade.

Distribución da renda

O CES segue a ver preocupante o continuo descenso do peso relativo da remuneración de asalariados no PIB e demanda que se avance cara un modelo de crecemento máis inclusivo, con menos desigualdades e cunha distribución da riqueza máis equitativa.

Mercado de traballo

O CES considera positiva a evolución da ocupación e do paro. Con todo, insiste na súa preocupación pola caída e o envellecemento da poboación activa, por mor das posibles consecuencias sobre a actividade que isto poda ter a medio e longo prazo sobre a nosa economía.

Proceso de converxencia

O CES resalta o comportamento da produtividade aparente do traballo, que se sitúa por debaixo da estatal o que significa unha perda de competitividade en termos relativos.

O CES considera necesario continuar cos esforzos para acadar a converxencia coa media española e comunitaria utilizando todos os recursos dispoñibles ao noso alcance, intentando que dita converxencia sexa de maneira activa,

mediante o aumento da produción, e non pasiva, mediante a diminución da poboación.

Evolución demográfica

O sobreenvellecemento da poboación (maior de 75 anos) e a dispersión territorial inciden de xeito significativo no custo da prestación da maior parte dos bens e servizos públicos. O CES demanda que nas propostas de reforma do financiamento autonómico se teñan en conta estas singularidades, e que nos fondos de nivelación se contemple a totalidade dos servizos públicos.

Panorama rural-urbano

O CES segue mantendo a súa preocupación polo descenso da poboación en Galicia, especialmente no medio rural, e considera que frear esta tendencia ten de constituír unha das accións máis prioritarias. Neste senso insta á Xunta de Galicia a aprobar medidas concretas para incrementar a natalidade, frear a emigración, e favorecer o retorno de emigrantes, entre outras.

O CES constata a evidente disparidade na evolución entre as zonas rurais e as zonas urbanas, sendo as primeiras as que están perdendo poboación de xeito continuado polo que é preciso impulsar iniciativas que favorezan un desenvolvemento máis equilibrado entre o rural e o urbano.

O CES ve con preocupación as cifras da evolución demográfica nas Zonas Pouco Poboadas (ZPP) de Galicia. Á perda de poboación continuada hai que sumarlle a baixa natalidade e os elevados índices de envellecemento (especialmente nas mulleres), o que está debuxando unha Galicia interior, despoboadada, envellecida e con falta de relevo xeracional; polo que insta ás administracións á posta en marcha de plans específicos que axuden a reverter este declive demográfico, favorecendo o asentamento da poboación nas zonas rurais.

2. MERCADO DE TRABALLO E RELACIÓNS LABORAIS

Actividade, ocupación e desemprego

O mercado laboral no ano 2018 mostra bos datos tanto de creación de emprego como de redución na cifra de desempregados, se ben persisten debilidades, de tal xeito que aínda non se acadaron os valores previos a crise. Esta evolución hai que enmarcala nun contexto de diminución da poboación activa, situándose Galicia cunha taxa de actividade das máis baixas de todas as CC.AA. polo que o CES demanda que continúen os esforzos na senda de reverter a tendencia da actividade e potenciar a creación de emprego.

O CES expresa a súa preocupación polas aínda elevadas cifras de desemprego, debendo intensificar as políticas públicas para a súa redución con especial incidencia no desemprego xuvenil, nos parados de longa duración e dos desempregados de máis idade, que a pesares da súa redución no ano 2018, presenta cifras moi relevantes, polo que urxe un maior impulso para a inserción destes colectivos.

Poboación activa

Frear a perda de poboación activa, especialmente da poboación máis nova, continúa sendo para o CES unha das principais prioridades. Neste senso, considera necesario que se apliquen cantas medidas sexan necesarias para reter e atraer a poboación máis nova ao mercado de traballo galego.

Ocupación

A transformación na que está inmerso o mercado de traballo debe formar parte das políticas públicas, tanto na vertente económica, como en capital humano e en I+D+i.

Dada a celeridade coa que se están producindo os cambios no mercado de traballo, o CES insiste na importancia da readaptación continúa tanto das persoas traballadoras como das empresas.

En opinión do CES, mellorar a calidade do emprego, especialmente no que atinxe á temporalidade, é a clave para garantir un crecemento máis inclusivo e reforzar a cohesión social.

O CES chama a atención sobre a aínda elevada taxa de temporalidade e considera necesarias medidas que aumenten o atractivo da contratación indefinida e diminúan os costes de cotización á Seguridade Social, preservando a flexibilidade necesaria para axustar o emprego de forma non traumática ante perturbacións negativas.

Ante a cada vez maior concorrencia de novas formas de emprego, o CES insta aos poderes públicos a definir e implantar medidas legislativas co fin de evitar baleiros normativos en relación con este tipo de empregos.

O CES considera que os poderes públicos deben favorecer a creación de empregos de calidade no ámbito dos coidados e reducir a prevalencia do emprego informal no mesmo.

O CES entende necesario a aprobación de medidas de conciliación que permitan a redución das xornadas parciais non voluntarias e que están ocupadas, fundamentalmente, por mulleres.

Poboación parada

O CES chama a atención sobre a necesidade de mellorar a empregabilidade das persoas maiores de 45 anos e da xente máis nova mediante accións de inserción eficaces e actividades formativas para mitigar o desaxuste entre as súas capacidades e as demandas do mercado laboral.

Reducir a taxa de paro xuvenil e do desemprego de longa duración é unha prioridade para o CES, polo que insta a tomar medidas nesta dirección.

Custos e salarios

O CES considera que se debe promover a participación das mulleres no traballo remunerado en igualdade de condicións que os homes e facilitar o seu acceso á gobernanza e a toma de decisións a través de medidas que favorezan a conciliación e fomenten a corresponsabilidade.

O CES insiste en que para reducir a brecha salarial entre homes e mulleres é preciso unha maior e máis equilibrada participación das mulleres no traballo remunerado.

Relacións laborais e formación

En opinión do CES, cómpre ir adaptando o mercado de traballo ós novos retos da economía e das relacións laborais, particularmente nos desafíos que traen consigo a dixitalización e as novas fórmulas de traballo.

A recuperación da actividade económica debe vir acompañada dun maior esforzo no ámbito da seguridade e saúde no traballo, para así evitar retornar aos índices de incidencia de accidentes previos á crise.

O CES considera preocupante o índice de incidencia dos accidentes mortais en Galicia e demanda que se reforcen as medidas para garantir a seguridade e a saúde no traballo, sobre todo nos sectores con máis riscos.

Segundo as directrices da Comisión Europea (Decisión (UE) 2018/1215 do Consello relativa ás orientacións para as políticas de emprego dos Estados membros), o CES subscribe a importancia de promover a produtividade e a empregabilidade mediante unha formación adecuada ao longo da vida que responda ás necesidades do mercado de traballo.

É necesario deseñar políticas activas de emprego que garantan o axuste entre as necesidades da demanda e a oferta de traballo e que aglutinen actuacións coordinadas de orientación, intermediación e inclusión laboral co fin de impulsar una transición áxil e rápida de adaptación e reinserción laboral adaptada as novas necesidades do mercado de traballo.

O CES considera que é preciso avaliar de maneira pormenorizada a efectividade das políticas activas de emprego e posteriormente reorientalas buscando maior empregabilidade dos colectivos de máis difícil colocación no mercado laboral, aumentando os orzamentos en políticas activas de emprego, que se viron mermados de maneira acusada durante o período de crise económica, así como establecer mecanismos de mellora.

3. DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO

Estrutura produtiva

O CES valora positivamente que todos e cada un dos sectores produtivos de Galicia contribuíran no 2018 de xeito positivo ó crecemento do PIB. Por isto considera que debe continuarse na senda de dinamismo a través dunha liña estratéxica de apoio aos sectores produtivos de forma inclusiva buscando a súa maior produtividade como mecanismo para impulsar un crecemento estable e sostido no tempo que se traslade á creación de emprego de calidade.

O CES entende que a importancia dos avances do sector industrial e da construción no ano 2018 deben acompañarse cun entorno facilitador e estable e unha inversión pública que, xunto coa privada, impulsen o crecemento sostible.

Sector primario

O CES considera que o sector primario é un sector estratéxico para a economía galega pola riqueza, emprego e fixación da poboación no territorio. Así, ante a perda de emprego que está experimentando o sector, tanto na rama agraria como na pesqueira, propón que se adopten medidas de apoio a estes sectores fundamentais, así como que se maximice o aproveitamento dos fondos procedentes da Unión Europea destinados a estes sectores.

O sector primario é o que menos valor destina ao pago de salarios pese á leve mellora dos datos económicos. O CES insta a promover accións que favorezan a creación de emprego de calidade para favorecer a recuperación do sector e das zonas rurais de Galicia, xa que é a principal actividade vertebradora do territorio.

O sector agrogandeiro amosa debilidades en canto á perda de postos de traballo, ao elevado número de explotacións dedicadas ao autoconsumo e a elevada parcelación da superficie agraria. Do mesmo xeito un ano máis os

datos relativos á comercialización de leite, deixan a Galicia como a comunidade onde máis se produce e na que menos se cobra, cun diferencial de 1,1 céntimos por litro con resto de CCAA e un de 3,4 céntimos coa media UE-15.

O CES quiere resaltar que na asignación das axudas da PAC en Galicia, pese a que as mulleres son o 56,8 % das persoas físicas perceptoras, namentres perciben o 44,55% dos fondos, o que sinala a fenda de xénero en relación coas axudas públicas máis importantes que ten o sector.

Sector industrial

O CES insta á Xunta de Galicia a reforzar os esforzos para implementar as medidas acordadas no “Pacto por unha alianza no sector industrial galego”, dado que considera que seguen aínda vixentes moitas das necesidades detectadas no mesmo.

O CES destaca a excesiva polarización da actividade económica galega, polo que demanda unha política industrial que impulse unha maior diversificación produtiva.

Para o CES, é necesario apostar por unha política industrial innovadora, que potencie a colaboración e cooperación entre o sector público e o privado, que asegure a transferencia tecnolóxica e o desenrolo de novos produtos, industrias...

A economía dixital, a intelixencia artificial, a transición enerxética ou o a xestión do Big Data son retos ós que deberá enfrontarse a nosa economía produtiva. Neste senso, o CES considera fundamental a participación dos sectores nos procesos de deseño das políticas públicas que deberán servir para crear un entorno que facilite ás empresas a adaptación a estes cambios.

Dada a situación de incerteza que xera a dependencia da poxa anual, o CES considera necesario implantar unha tarifa eléctrica industrial para grandes consumidores.

O CES entende que é necesario elaborar un modelo enerxético que sirva, entre outras cuestións, para reducir o diferencial do custo enerxético da nosa

economía respecto aos países do entorno UE polas ineficiencias que produce, tanto para particulares como para a industria, e facer esta última máis competitiva.

Sector da construción

O CES insta aos poderes públicos a que promovan a rehabilitación e mellora das vivendas familiares de uso residencial que non cumpran os requisitos mínimos de habitabilidade, calidade e eficiencia esixibles (carencia de instalacións para subministracións básicas, barreiras arquitectónicas, falta de eficiencia enerxética...). Contribuirase, ademais, a darlle un maior uso residencial ao parque de vivendas baleiras.

Sector servizos

O CES insta os poderes públicos a deseñar medidas que potencien o comercio de proximidade. Tamén considera que cómpre afrontar retos como adaptarse á era dixital e á diversidade dos perfís de consumo.

O bo comportamento do subsector comercio debe vir acompañado, en opinión do CES, de medidas de apoio que teñan en conta as necesidades e o tamaño das empresas deste subsector, e que consoliden este crecemento tendo en conta a caída que se ven producindo no número de empresas e establecementos de comercio ao retallo nos últimos anos.

O CES considera necesario o fomento por parte das administracións públicas de políticas que favorezan a desestacionalización e a profesionalidade do sector turístico, o que repercutiría nun maior valor engadido e na xeración de emprego de calidade, potenciando os elementos diferenciadores de Galicia que permitan un turismo máis sostible.

O CES considera necesario avanzar na intermodalidade do transporte, tanto de pasaxeiros como de mercadorías.

Ante o peche de oficinas bancarias, especialmente nas zonas rurais, o CES considera que esta tendencia pode agravar a despoboación e abandono das zonas, polo que insta aos poderes públicos a tomar medidas neste senso.

Demografía empresarial

O CES considera necesario incrementar os esforzos na coordinación entre a Administración Autonómica de Galicia e a Administración Central e do resto das Autonomías a fin de, por unha banda, resolver ou harmonizar a fragmentación normativa existente que incide directamente en detrimento da competitividade de tecido produtivo galego e, por outra, acadar maiores niveis de eficiencia no gasto público.

O CES insta a reforzar os esforzos que permitan eliminar a carga burocrática e a excesiva regulación que inciden negativamente no correcto desenvolvemento e crecemento das empresas que conforman o tecido produtivo galego.

O CES considera que deben facilitarse as oportunidades de negocio, promovendo a innovación e xerando as condicións óptimas para a consolidación dos proxectos a través de incentivos e apoios ás estratexias das empresas, principalmente das pemes, que persigan a innovación dos produtos, dos procesos e da organización como vía fundamental para incrementar os niveis de produtividade.

Comercio exterior

O CES chama a atención sobre a necesidade de manter un crecemento equilibrado aumentando o peso das exportacións a través da mellora da nosa competitividade en sectores onde existe unha vantaxe competitiva e polo tanto un mellor posicionamento no exterior.

O CES considera que se debe avanzar no obxectivo de facer de Galicia un territorio atractivo para a xeración de riqueza e a captación de novos investimentos.

4. CALIDADE DE VIDA E BENESTAR SOCIAL

Saúde

O CES valora positivamente a senda de recuperación dos recursos destinados á sanidade, aínda que considera que se debe mellorar na distribución dos mesmos, sobre todo no concernente á atención primaria.

O CES quere facer fincapé na necesidade de impulsar políticas públicas de saúde e de servizos sociais que sexan capaces de dar cobertura á poboación envellecida e favorecer aqueles aspectos que inciden positivamente na natalidade tales como axudas por fillas e fillos, medidas de conciliación, emprego igualitario, educación de 0 a 3, etc.

Nunha sociedade cada vez máis envellecida e polo tanto cada vez máis dependente do sistema sanitario, o CES reclama aos poderes públicos un maior esforzo no mesmo, tanto en atención aos/ás pacientes como nos profesionais sanitarios.

Cómpre elaborar un Plan Galego de Saúde Mental, coa participación de todos os sectores afectados, que promova unha saúde mental en positivo, con especial atención aos menores e coa introdución da perspectiva de xénero. A curto prazo, considérase necesario un aumento de profesionais destinados a atender aos pacientes con estas enfermidades co obxectivo de permitir mellorar a súa atención e reducir as listas de espera.

Pobreza e cohesión social

O CES insiste en poñer de manifesto a necesidade de que os poderes públicos faciliten aos fogares galegos en situación de pobreza enerxética o acceso ás subministracións enerxéticas (electricidade e gas, fundamentalmente).

O CES chama a atención sobre a complexidade do proceso de cambio enerxético polo que compe establecer unha transición que permita unha adaptación inclusiva tanto a nivel tecnolóxico como a nivel regulatorio da economía e da sociedade.

O CES valora negativamente que a taxa de risco de pobreza en Galicia permaneza constante polo que resultaría necesario a posta en marcha de medidas que reduzan a devandita taxa. Especialmente, quere chamar a atención sobre as persoas máis novas, o segmento da poboación que ten a maior taxa de risco de pobreza, polo que entende que é preciso implementar programas de apoio que permitan mellorar a súa posición, xa que a súa vulnerabilidade social coincide cunha etapa da vida fundamental para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

O CES considera necesario que se sigan poñendo os recursos necesarios para atender a todas as persoas dependentes da nosa Comunidade Autónoma.

O CES chama a atención sobre o incremento das mulleres con orden de protección e das infracción penais por parte do denunciados, polo que a administración debe seguir traballando na posta a disposición das vítimas de mellores recursos e servizos para atender ás súas necesidades e garantir a súa seguridade.

Cobertura social

O CES pon de manifesto a fenda de xénero nas pensións e na protección por desemprego. Considera prioritario garantir a igualdade efectiva entre homes e mulleres no mercado laboral para paliar a dita situación.

O CES segue a ver con preocupación o envellecemento, en todas as súas vertentes, da poboación de Galicia ante as repercusións sobre prestacións sociais que isto implicará no medio e longo prazo.

A pesar da redución do número de persoas paradas, a taxa de cobertura do desemprego continúa descendendo, polo que o CES reclama medidas específicas para estas persoas traballadoras, moitas en idades de difícil inserción laboral.

Medio ambiente e desenvolvemento sostible

Dada a importancia da preservación do medio ambiente, a loita contra o cambio climático e o desenvolvemento sostible, o CES insta ao goberno e fai un chamamento ao conxunto da cidadanía para que entre todos se faga un

maior esforzo tanto en medios e medidas para a súa preservación, como en difundir entre a poboación a necesidade da protección do mesmo.

O CES valora positivamente o descenso do número de incendios e da superficie afectada, aínda que considera que hai que facer un maior esforzo nas políticas de prevención.

5. RECURSOS E CAPACIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO

Capital humano

O CES entende que a loita contra o abandono educativo temperá debe ser un obxectivo estratéxico que servirá para avanzar na igualdade de oportunidades das persoas e na creación dunha sociedade máis inclusiva.

Unha das vías con efectos máis inmediatos para poñer freo ao descenso da poboación activa é a articulación de medidas que eviten a fuga de talentos, a perda de recursos que supón para a economía galega a sangría de activos de menor idade e altamente formados.

O CES pide aos poderes públicos unha especial preocupación para prever os casos de acoso escolar e homoxeneizar e actualizar os protocolos de actuación.

O CES considera necesario estimular a participación das persoas máis novas nas titulacións denominadas STEM, especialmente a participación das mulleres. Neste senso, entende que a incorporación de competencias científicas nas primeiras etapas da educación (educación primaria) proporcionaría unha maior sensibilización dos estudantes cara as titulacións científicotécnicas e posibilitaría un aumento das capacidades tecnolóxicas necesarias para impulsar a actividade innovadora nas empresas.

A distribución por familias nos estudos de formación profesional e nos estudos universitarios mostra diferenzas importantes por sexos. O CES considera que a educación é unha peza clave para transformar a desigualdade no mercado laboral, polo que é preciso implementar medidas para evitar os estereotipos que perduran na actualidade na educación e continúan no mundo laboral.

O CES insiste na importancia de incrementar a participación da poboación adulta na aprendizaxe permanente para adaptar ás persoas ó impacto tecnolóxico e mellorar as súas competencias profesionais fomentando así os procesos de alfabetización dixital.

Co fin de mellorar o grao de inserción das ensinanzas universitarias en Galicia é preciso reorientalas en maior medida ao mundo do traballo. Entre as medidas a levar a cabo cómpre destacar a necesidade de introducir máis prácticas nas ensinanzas como mecanismo de inserción laboral co obxectivo de intentar poñer freo á saída de poboación. Ao mesmo nivel, é tamén necesario potenciar as habilidades e capacidades máis alá do coñecemento académico.

Innovación e tecnoloxía

A recuperación económica está a favorecer o investimento en I+D+i en Galicia, impulsada principalmente polo sector privado. Aínda así, é preciso afianzar e mellorar o esforzo investidor, polo que o CES pon de manifesto a necesidade de mellorar os instrumentos de financiación que permitan a súa adaptación ás necesidades dos solicitantes e ás características dos proxectos, así como reducir os trámites administrativos da súa xestión.

O incremento do investimento en I+D no ámbito empresarial e público debe ir acompañado de reformas institucionais que liberen o potencial do capital humano cara ao emprendemento, e que simultaneamente empuxen o noso ecosistema de innovación a confrontar con éxito os novos retos tecnolóxicos, sociais e medioambientais.

O CES considera esencial promover a cooperación entre empresas e institucións educativas, con dúas finalidades importantes: por un lado, co obxectivo de reducir a distancia entre as capacidades existentes e as necesidades del mercado laboral e, por outro, facilitar a transferencia de coñecemento e resultados no ámbito de I+D+i.


Dada a crecente demanda de empregos relacionados coas ramas máis tecnolóxicas e a pouca presenza de mulleres nas mesmas, o CES considera que se debe fomentar unha maior participación das mulleres neste tipo de empregos.

O proceso de cambio tecnolóxico no que está inmerso a nosa economía é un proceso imparable, por isto o CES demanda a necesidade de facer un esforzo inversor nas infraestruturas, crear entornos dixitais seguros e fiables e proporcionar as condicións de entorno reguladoras adecuadas.

Galicia debe aproveitar a recuperación do número de empresas innovadoras para estender a sistematización das rutinas de I+D+i, de maneira que especialmente as pequenas e medianas empresas vaian orientando o seu cartafol de produtos e servizos cara actividades de maior valor engadido e mesmo diversificar a súa actividade en varias cadeas de subministro simultaneamente.

INFORME: GALICIA NA REDE BÁSICA TRANSEUROPEA DE TRANSPORTE DE MERCADORÍAS. RETOS ESTRATÉXICOS DE FUTURO.

A súa normativa de creación establece que o CES poida tamén levar a cabo informes ou estudos sobre distintos aspectos socioeconómicos para favorecer o desenvolvemento económico e social de Galicia.



En outubro de 2018, no marco da reunión da Rede Transnacional Atlántica (RTA) celebrada en París (Francia) e ante o elevado nivel de preocupación das diversas organizacións empresariais, sindicais etc, o Consello Económico e Social de Galicia (CES-Galicia), decide elaborar un documento que recolla as propostas consensuadas dos axentes socioeconómicos representados no CES e que logo serían trasladadas aos responsables políticos e sociais europeos, nacionais e autonómicos.

O documento estrutúrase en catro grandes apartados o último dos cales recolle as propostas reflexo

do sentir común da sociedade galega.

Este informe, que pode descargarse para a súa consulta na páxina do CES Galicia, foi aprobado na sesión 1/19 do Pleno celebrada o 11 de febreiro de 2019 e presentado publicamente o 18 de febreiro ante unha nutrida representación de cargos institucionais, políticos, sindicais, empresariais de destacadas firmas e persoeiros do eido académico.

INFORME DE SEGUIMENTO DO SECTOR MANUFACTUREIRO GALEGO.

O Consello Económico e Social de Galicia (CES) emprendeu ao longo de 2017 o que resultaría ser un dos seus proxectos máis ambiciosos ao longo da súa historia: “Por unha alianza no sector industrial galego”.




Tras aquela experiencia, compría agora aproveitar o traballo realizado para revisar a marcha dun sector crucial para Galicia polos seus efectos de arrastre sobre variables tan importantes como o emprego, a innovación ou a internacionalización da nosa economía.


Baixo este espírito chega este informe que, nesta ocasión, centrouse no sector estritamente manufactureiro (sen os servizos asociados) para abordar o núcleo central dunha actividade sometida a crecentes presións tecnolóxicas e económicas.

O traballo ten así a intención de rutinizar o seguimento destas actividades no CES, con indicadores anualizables capaces de xerar series longas para identificar tendencias estilizadas, e con fontes de datos accesibles para calquera analista que desexe re-avaliar e mesmo replicar a análise que aquí se presenta. Un cadro integral que nos leve a ter unha perspectiva actualizada, sinxela e rápida de como están a ir as principais magnitudes do sector.

O informe foi aprobado e publicado o 21 de novembro de 2019.



DITAME 1/19: ANTEPROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN FARMACÉUTICA



Con data 5 de febreiro de 2019 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia oficio do Presidente da Xunta de Galicia remitindo para o seu preceptivo ditame o anteproxecto de Lei de ordenación farmacéutica de Galicia.

A Comisión Sectorial 2, *Sector público e benestar social*, competente na materia acordou aprobar a proposta de ditame para a súa posterior tramitación e aprobación polo Pleno o 28 de febreiro de 2019 cas seguintes consideracións xerais, particulares e, neste

caso, voto particular:

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- Dada a dispersión poboacional que caracteriza a nosa Comunidade, o CES Galicia bota a faltar medidas específicas que garantan a atención farmacéutica no ámbito rural, máis aló da mera consideración dun módulo poboacional distinto e permitir a entrega a domicilio en zonas illadas. 2.- O Anteproxecto de lei aborda numerosos aspectos que requiren dun desenvolvemento regulamentario. Tendo en conta que a propia Lei non é o instrumento idóneo para o dito desenvolvemento, o CES entende que si debería incorporar a obriga de completar o marco ao nivel regulamentario naquelas materias que así o precisen, ou no caso de que xa exista, facer unha remisión expresa ao

mesmo. Cabe citar como exemplo as materias incorporadas nos artigos 9, 16, 32 e 49.

3.- O CES observa que en varios dos artigos (12, 53, 56, 74 e 75) utilízanse nas clasificacións das letras j) e/ou k) que son impropias do alfabeto galego, polo que deberían ser substituídas polas seguintes que corresponden.

4.- O CES bota en falta, na parte final da exposición de motivos, a necesaria mención a que o texto do anteproxecto foi sometido ao preceptivo ditame

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Artigo 4. Dispensación de medicamentos e produtos sanitarios

Por razóns de seguridade e custodia da cadea de subministros está prohibida a dispensación ou entrega de medicamentos devoltos polos/as pacientes. Neste senso, o CES considera que se debería incluír un novo apartado dentro deste artigo no que se regulase expresamente a prohibición da dispensación, venda ou comercialización de calquera medicamento que sexa devolto ou entregado polos/as pacientes, ou polo público en xeral, ás oficinas de farmacia ou a calquera outro servizo o establecemento de atención farmacéutica.

Artigo 5. Modalidades de venda de medicamentos e produtos sanitarios e prohibicións

En relación co artigo 5.2º, o CES considera que se debería especificar que se entende por “venda indirecta”. En relación co artigo 5.3º, o CES considera que non procede a referencia unicamente aos regalos e obsequios de “escaso

valor”, senón aos regalos e obsequios en xeral, sempre que estean vinculados á promoción e venda ao público dos medicamentos e produtos sanitarios.

Artigo 6. Supostos especiais de entrega de medicamentos e produtos sanitarios

En aras a favorecer a continuidade asistencial e evitar o desprazamento do/a paciente ao hospital, o CES estima que debe preverse expresamente a posibilidade de colaboración das farmacias da zona na atención farmacéutica presencial e/ou non presencial, segundo criterios clínicos, no lugar de residencia da/s persoa/s usuaria/s, daqueles medicamentos cuxa dispensación estea restrinxida unicamente ao ámbito hospitalario de acordo coa normativa estatal vixente, e ter en conta tal colaboración nas condicións e requisitos aos que deberá axustarse o procedemento.

Artigo 9. Obxección de conciencia

O CES considera que o texto da norma debería remitir á vía regulamentaria para habilitar as medidas necesarias para garantir o dereito á saúde da cidadanía nos casos de obxección de conciencia.

Artigo 14. Outras actividades

O CES quere chamar a atención sobre a ausencia no texto do anteproxecto de toda mención aos produtos de homeopatía. • Artigo 16. Requisitos dos locais
Por seguridade xurídica o CES estima que en relación aos requisitos dos locais a presente norma debería remitir aos requisitos recollidos regulamentariamente.

Artigo 18. Titularidade das oficinas de farmacia

O CES descoñece o criterio para fixar o 10% da oficina de farmacia como porcentaxe mínima das cotas de participación en caso de cotitulariedade, polo que considera que se deberían explicar as razóns na Exposición de motivos.

Artigo 19. Farmacéutico/a rexente

Este artigo só contempla os casos de “herdeiros/as en primeiro grao” que estean cursando estudos de farmacia para estender a duración máxima da rexencia aos cinco anos. O CES considera que non existe motivo para non incluír aos herdeiros directos, polo que se propón a mención dos herdeiros directos no lugar dos herdeiros en primeiro grao.

Artigo 22. Autorización de nomeamentos

O CES entende que se debe eliminar a expresión “preferentemente”, por introducir inseguridade xurídica.

Artigo 25. Presenza e actuación do/a farmacéutico/a e identificación do persoal

O CES considera que para garantir unha atención de calidade aos cidadáns e o dereito á conciliación dos traballadores das oficinas de farmacia, tendo en conta a diversidade de tipos de farmacia que existen, as necesidades da poboación á que atenden e consecuentemente os horarios de atención ao público diferenciados sempre dentro da regulación sanitaria e laboral, a Lei debería recoller a obrigatoriedade da presenza física e actuación profesional do farmacéutico titular/cotitular, substituto ou rexente da oficina de farmacia

de maneira habitual durante o horario de atención ao público, pero non determinando que dita presenza teña que ser estritamente durante o horario mínimo de apertura da farmacia.

Artigo 27. Horarios e servizos de garda das oficinas farmacia

O CES considera que se debe eliminar a expresión “en cada zona farmacéutica” do apartado 5 do artigo 27 ao referirse á garantía da atención farmacéutica a través do servizo de garda, xa que é contraditorio co establecido no punto 6.c) do sinalado artigo 27, que recolle a obrigatoriedade de prestación do servizo de garda na “área de referencia dos puntos de atención continuada”, en coherencia co sistema que na actualidade se utiliza para o establecemento das gardas.

Artigo 30. Módulos de poboación

Dado que entre a elaboración do mapa farmacéutico e o comezo do concurso de novas oficinas de farmacia poden pasar ata dous anos, co conseguinte desfase, o CES estima que para o cómputo de habitantes debe terse en conta a poboación que conste na última revisión do padrón municipal vixente no momento de se iniciar o procedemento de autorización de novas oficinas de farmacia, coa aprobación do mapa farmacéutico.

Artigo 31. Distancias entre as oficinas de farmacia

O CES considera que nos traslados forzosos provisionais con retorno, aos que se refire o apartado 4 do artigo 31, debe considerarse a situación das farmacias actualmente establecidas a unha distancia inferior a 125 metros. Por isto o CES

propón que nestes casos, e en aras a favorecer a permanencia da oficina de farmacia na mesma zona, o local provisional só deberá manter, como mínimo, a distancia que a oficina de farmacia tiña con respecto ás oficinas de farmacia ou centros de saúde máis próximos.

Artigo 32. Mapa farmacéutico

O CES considera que se debería concretar o procedemento para poder instar á revisión do mapa farmacéutico, ou facer unha remisión ao desenvolvemento regulamentario.

Artigo 41. Reforma dos locais da oficina de farmacia

O CES estima que se debería eliminar a obriga de comunicación á xefatura territorial da consellería competente en materia de sanidade para a realización de obras no local que non precisen de autorización, por entender esta comunicación un trámite administrativo innecesario.

Artigo 49. Vinculación da botica anexa

En relación co apartado 1 do artigo 49, o CES estima que se debería contemplar o desenvolvemento regulamentario polo que respecta ás “outras circunstancias” cando se sinala que por razóns de interese xeral debidamente xustificadas poderá autorizarse a vinculación da botica anexa tendo en conta outras circunstancias.

TITULO III. A atención farmacéutica nos hospitais, centros de asistencia social e outros centros, servizos e establecementos sanitarios.

O CES considera fundamental delimitar expresamente a atención farmacéutica ás necesidades vinculadas á atención dispensada nos centros así como os usos dos depósitos de medicamentos e produtos sanitarios, que deberían cingirse ao uso interno dos hospitais, centros de asistencia social e outros centros, servizos e establecementos sanitarios. Neste senso propónse a introdución explícita desta delimitación como se fai no caso da atención farmacéutica nas estruturas de atención primaria, regulados nos artigos 51 a 53 do anteproxecto.

VOTO PARTICULAR

Voto particular que presenta a Confederación de Empresarios de Galicia.

Os conselleiros do Grupo Segundo, integrado polos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia, sen prexuízo de suscribir todas as consideracións tanto xerais como particulares aprobadas unanimemente polo Consello Económico e Social de Galicia e recollidas no presente dictame, así como de recoñecer os esforzos de todas as organizacións representadas na Comisión Sectorial nº 2 do CES para chegar a un texto aprobado polo maior consenso posible, entenden necesario poñer de manifesto a seguinte consideración particular referida á redacción do artigo 14 do texto obxecto de dictame:

1.- O artigo 14 do proxecto de lei ten a seguinte redacción:

Artigo 14. Outras actividades

1. Queda prohibido desenvolver nos locais da oficina de farmacia actividades de venda ao público de produtos distintos dos propios do canal farmacéutico, considerando como tales os medicamentos, os produtos sanitarios e os produtos de parafarmacia.
2. Cando nunha oficina de farmacia se desenvolvan actividades de óptica, análises clínicas, ortopedia, audioprótese, nutrición ou calquera outra actividade sanitaria expresamente autorizada para o seu exercicio nos locais da oficina de farmacia, a persoa titular ou, no caso de ser varias, polo menos unha das persoas cotitulares deberán estar en posesión do título correspondente para o exercicio de dita actividade e cumprir os demais requirimentos que se determinen. Malia isto, as persoas titulares poderán contratar a profesionais coa titulación correspondente para seren asistidos no desenvolvemento de tales actividades.
3. Nos locais da oficina de farmacia non se poderán desenvolver actividades comerciais por sociedades mercantís ou outras entidades con personalidade xurídica diferenciada do/a farmacéutico/a titular ou dos/asfarmacéuticos/as cotitulares, con independencia de que o domicilio social radique na propia oficina de farmacia ou noutro lugar distinto.
4. Así mesmo, queda prohibido o arrendamento, o subarrendamento ou a cesión, a título oneroso ou gratuíto, do uso dos locais da oficina de farmacia a terceiras persoas para o desenvolvemento de calquera actividade, incluso cando esas actividades teñan relación co ámbito sanitario.

2.- A Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) considera que no artigo 14.2, para o desenvolvemento das actividades de óptica, análises clínicas, ortopedia, audioprótese, nutrición ou calquera outra actividade sanitaria expresamente autorizada para o seu exercicio nos locais da oficina de farmacia, se debería permitir a dobre posibilidade de que o/a farmacéutico/a teña o título correspondente ou poida contratar a una persoa que estea en posesión deste. A actual redacción só permite que as farmacias poidan prestar eses servizos se o/a farmacéutico/a é ao mesmo tempo, farmacéutico/a, óptico/a ortoprotésico/a e nutricionista.

A CEG considera que a Lei debe permitir que as farmacias poidan prestar este servizo contratando a persoas tituladas para poder prestalo; deste xeito, facilitaría a contratación destes/as titulados/as e a súa incorporación ó mercado laboral, creando emprego, e beneficiaría tamén aos consumidores/as e usuarios/as das oficinas de farmacia, que poderían ter un acceso a estes servizos a través das oficinas de farmacia, e baixo o paraugas do consello farmacéutico.

3.- A CEG considera que a prohibición do parágrafo 3 é excesiva. A lei non prohíbe a venda de produtos de parafarmacia por parte do/da titular que sexa persoa física, pero si a prohíbe se o/a titularse organiza para dita venda como una sociedade mercantil.

Esta prohibición non se basea en criterios sanitarios e é una medida que, mais aló da repercusión económica ou fiscal na farmacia, **perxudica aos usuarios/as e consumidores/as**, pois impide que as farmacias, suxeitas ó recargo de equivalencia no IVE, poidan ofrecer en produtos de parafarmacia prezos

competitivos en relación con outros operadores que, sen necesidade de titulación algunha, queiran vender libremente produtos de parafarmacia. **Sería positivo para os consumidores/as e usuarios/as das farmacias que aquelas puidesen vender produtos de parafarmacia en igualdade de condicións cos demais axentes do mercado porque, ademais, contarían coa vantaxe de ofrecer algo tan valioso como o consello farmacéutico.**

4. A CEG tamén considera excesivas as restricións establecidas no parágrafo 4 do artigo 14.

5 .Por todo o exposto, a CEG considera necesario a eliminación tanto do parágrafo 3 como do parágrafo 4 do artigo 14 e a adaptación do parágrafo 2 no seguinte senso:

2.- Cando nunha oficina de farmacia se desenvolvan actividades de óptica, análises clínicas, ortopedia, audioprótese, nutrición ou calquera outra actividade sanitaria expresamente autorizada para o seu exercicio nos locais da oficina de farmacia, a persoa titular ou, no caso de ser varias, polo menos unha das persoas cotitulares, deberán estar en posesión do título correspondente para o exercicio de dita actividade ou contratar a unha persoa que estea en posesión do título correspondente e, en ámbolos dous casos, cumprir os demais requirimentos que se determinen.

DITAME 2/19: ANTEPROXECTO DE LEI DO PATRIMONIO NATURAL DE GALICIA

En data 21 de marzo de 2019 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto de Lei do patrimonio natural de Galicia.

O texto do anteproxecto foi remitido, en data de 25 de marzo, á presidencia e aos membros da Comisión Sectorial número 2, Sector público e benestar social, competente por razón da materia que, na súa sesión 3/19 de 12 de abril acordou aprobar a proposta de ditame.

A presidenta do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convocou o Pleno do Consello, que na sesión 3/19, do 24 de abril, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o ditame cas seguintes consideracións xerais e particulares:



CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES desexa chamar a atención sobre o interese de complementar os criterios científico-técnicos de clasificación do patrimonio natural coa

progresiva introdución de avaliacións dos custos e beneficios socio-económicos das actuacións desenvolvidas.

2.- O CES bota en falta, na parte final da exposición de motivos, a necesaria mención a que o texto do anteproxecto foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Artigo 2. Principios xerais

O CES considera que se debería incorporar dentro dos principios inspiradores da Lei, ao igual que fan outras lexislacións de comunidades autónomas, a compatibilización da conservación do patrimonio natural co exercicio das actividades económicas, especialmente nas áreas rurais, promovendo o seu desenvolvemento a través do ordenado aproveitamento sostible dos recursos, sempre que a antedita conservación quede garantida.

Neste senso, propón incorporar o seguinte novo apartado ou outro de similar teor:

x) A compatibilización da protección ambiental coa ordenación territorial e urbanística e o desenvolvemento de actividades de interese público.

O CES considera necesario modificar o **apartado m)** deste artigo tendo en conta que o catálogo de dereitos que interveñen no ámbito ao que se refire o anteproxecto é moito máis amplo que o dereito de propiedade. Neste senso, e para unha maior adecuación á realidade, debe considerarse a participación das persoas titulares dalgún dereito sobre os territorios incluídos en espazos

naturais, calquera que estes sexan, e non só dos titulares do dereito de propiedade.

Artigo 3. Definicións

Considérase necesario definir con maior exactitude o termo “Uso tradicional”. A definición recollida no anteproxecto de Lei identifica uso tradicional con uso sostible e non un uso tradicional en senso estrito –vid. artigo 11.2 letra a) ou artigo 37, entre outros–. O uso tradicional non ten que ser sostible *per se*, senón que este tamén podería ser prexudicial.

Artigo 7. Estratexia Galega de Educación Ambiental

O CES considera importante facer mención expresa non só á cidadanía en xeral, senón tamén aos axentes económicos e sociais na procura da conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

Artigo 9. Participación pública

Na liña do sinalado na modificación proposta no artigo 2.- Principios xerais, o CES considera que no apartado 9.3 se debería incorporar na participación pública a outros titulares de dereitos sobre os territorios e non só aos propietarios.

Artigo 20. Garantía financeira

O CES considera importante evitar duplicidades na constitución de garantías cando outras normas dispoñan tamén a súa constitución para o mesmo fin.

Asemade, considérese que os criterios de definición da contía da garantía financeira deberán ser suficientemente motivados en aras a unha maior seguridade xurídica.

Artigo 22. Categorias de espazos naturais protexidos

A coexistencia de distintas categorías de espazos naturais protexidos sobre un mesmo ámbito territorial podería causar na práctica certo confusionismo e polo tanto inseguridade xurídica. Neste senso, o CES considera que se debería modificar a redacción para deixar claro como se compaxinan as distintas proteccións cando nun mesmo espazo coexistan varias categorías.

Artigo 23. Reserva natural

O CES considera que na exposición de motivos debería xustificarse máis claramente a necesidade de diferenciar dentro da categoría de reservas naturais a subcategoría das microrreservas (apartado 3).

Artigo 35. Limitacións derivadas da declaración de espazo natural protexido

Entre os requisitos que o anteproxecto sinala para que as limitacións derivadas da declaración de espazo natural protexido confiran dereito a indemnización, contemplase a do apartado 2 c) en referencia a usos ou aproveitamentos permitidos ou autorizados.

Mais a alusión que contén o anteproxecto a que estes aproveitamentos deben estar efectivamente exercidos no momento da imposición da limitación, pode dar lugar á posibilidade de que se ignoren dereitos de titulares con autorizacións administrativas plenamente vixentes.

Artigo 36. Zona periférica de protección

O CES considera que a redacción actual do apartado 1 é demasiada ambigua, polo que cómpre aclarar a que se refire coa expresión “limitacións necesarias”.

Asemade, bótase en falta algunha referencia á posibilidade de adoptar medidas compensatorias na liña do que sucede no caso de espazos protexidos.

Artigo 37. Áreas de influencia socioeconómica

O apartado 3 prevé a posibilidade de que a Xunta de Galicia promova o desenvolvemento de actividades tradicionais sostibles ligadas á dinamización do entorno do espazo natural protexido. Sen prexuízo da importancia e pertinencia de apostar polas actividades tradicionais, o CES considera que se debería prever a posibilidade de promover tamén actividades innovadoras sostibles, que contribúan a dinamizar o entorno e a fixar poboación.

Artigo 38. Disposicións xerais

Tendo en conta que nos procedementos de declaración dos espazos naturais protexidos (artigos 38 a 48) este anteproxecto de lei xa contempla medidas cautelares (artigo 45) e medidas preventivas (artigo 46), o CES considera que debería xustificarse a excepción recollida no segundo parágrafo do precepto.

Artigo 40. Tramitación

Na liña do sinalado na consideración xeral, cómpre considerar a posibilidade de introducir os aspectos socioeconómicos na declaración dun espazo

protexido, especialmente no caso das actividades económicas que se asentan na zona, cuxo desenvolvemento pode verse afectado de maneira considerable.

Artigo 45. Réxime de protección cautelar

Aínda que se poda interpretar que o réxime de protección cautelar previsto neste artigo non debería afectar ás actividades autorizadas e que veñan desenvolvéndose no momento de iniciarse o procedemento de declaración dun espazo na rede galega de espazos protexidos ou no de elaboración de instrumentos de planificación, o CES considera oportuno que a lei recolla explicitamente este suposto na redacción do artigo en aras a unha maior seguridade xurídica.

Artigos 68 e seguintes. Regulación de usos e actividades

Tendo en conta o interese xeral, e na liña do reflectido na consideración xeral primeira, o CES quere chamar a atención sobre a necesidade de motivar ou xustificar os usos e actividades prohibidas.

Artigo 73. Xunta reitora

En coherencia co dito anteriormente noutras consideracións particulares, o CES suxire que se mencione expresamente entre os compoñentes da xunta reitora aos titulares doutros dereitos sobre o territorio ademais dos propietarios do terreo.

Artigo 85. Plans, programas e proxectos que se desenvolvan na Rede galega de espazos protexidos

En aras a unha maior simplificación e eficacia administrativa, o CES considera que cando un plan, proxecto ou programa non sexa obxecto dunha afección apreciable no informe elaborado pola Consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural, debería automaticamente ser tramitada a correspondente autorización e ser resolta no sentido que corresponda sen maior dilación nun único procedemento, sen prexuízo das autorizacións que poidan corresponder a outras administracións ou a outros órganos da Administración autonómica.

Artigo 86. Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas

O CES considera oportuno chamar a atención sobre a necesidade de valorar a conveniencia de engadir expresamente no apartado 2 outros departamentos responsables de dominio público como minas e costas.

Artigo 108. Especies exóticas invasoras

O CES considera que o **apartado 2** debería conter un mandato á Consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural para que obrigatoriamente elabore plans que conteñan as directrices de xestión, control e posible erradicación das especies que supoñan un maior risco para a conservación da fauna, flora ou hábitats autóctonos ameazados.

Artigo 133. Recoñecemento da responsabilidade

O CES considera necesario chamar a atención sobre a discrecionalidade que se lle concede ao organismo competente para resolver en canto á determinación da porcentaxe de redución do importe da sanción proposta.

Ademais, considera máis correcto que a lei dirima *ab initio* a cuestión, e polo tanto que considere unha porcentaxe de redución maior, como xa ven ocorrendo noutras áreas do dereito administrativo.

Disposición adicional oitava. Prazos dos procedementos e sentido do silencio administrativo

O prazo de dous anos para aqueles procedementos que non contemplan outra cousa resulta excesivo. Ademais, o silencio terá senso negativo e producirá efectos desestimatorios nos procedementos iniciados a instancia de parte, privando ao solicitante dunha resposta expresa e motivada, co correspondente efecto desincentivador para o desenvolvemento de proxectos e actividades que precisen autorización, con independencia da súa repercusión sobre o medio natural.

É por isto polo que o CES considera imprescindible contar con prazos máis razoables e resolucións motivadas, que axuden aos administrados a adaptar, se é o caso, a súa actividade ás esixencias e necesidades que o medio requira.

DITAME 3/19: ANTEPROXECTO DE LEI DE MEDIDAS DE GARANTÍA DE ABASTECIMIENTO EN EPISODIOS DE SECA E EN SITUACIÓNS DE RISCO SANITARIO

En data 9 de maio de 2019 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto de Lei medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario.

Foi aprobada a proposta pola Comisión Sectorial 2, *Sector público e benestar*

social, o 23 de maio na sesión 4/19 e polo Pleno do Consello o 29 de maio na sesión 4/19 cas seguintes consideracións xerais e particulares:



CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES-Galicia desexa poñer de manifesto a súa valoración positiva sobre a oportunidade desta norma, á vista dos episodios de seca padecidos en anos anteriores. Por outro lado, a regulación pódese considerar completa dende o punto de vista

técnico, se ben nalgúns puntos excede dos obxectivos previstos no seu artigo 1; sinaladamente nos artigos 5, 8, 10 e 11, así como na maioría das disposicións adicionais e finais.

2.- Na presente norma podería facerse máis fincapé no aproveitamento das augas subterráneas e augas pluviais.

3.- O CES considera que se debería garantir a participación dos interlocutores económicos e sociais na elaboración e seguimentos dos instrumentos de planificación en episodios de seca e en situacións de risco sanitario.

4.- A norma contempla o desenvolvemento de campañas informativas e de concienciación sobre o uso racional e sustentable da auga durante a vixencia dun episodio de seca. Sen embargo, o CES estima que non se incide suficientemente na adopción de políticas, plans ou programas de sensibilización e educación no consumo eficiente de auga e na implantación de sistemas de aforro, máis alá de episodios de seca.

5.- No referido á linguaxe inclusiva e non sexista, detéctase a referencia en todo o texto de “os responsables...”, o que entendemos que se pode mellorar con expresións do tipo “as persoas ou entidades responsables...”.

6.- Noutra orde de cuestións, o CES recomenda unha revisión ortográfica e sintáctica do texto para a súa mellor comprensión e interpretación.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Artigo 2. Definicións

A definición de seca prolongada non é facilmente diferenciable da de seca en xeral, pois a pesares do que puidera intuírse da súa denominación (como prolongada), non se fai ningunha mención na súa definición á duración temporal desta.

Artigo 8. Contido dos plans de emerxencia de abastecemento por risco de seca

Con respecto ao artigo 8 da norma, cómpre salientar a necesidade de ter unha previsión específica dos plans de emerxencia de abastecemento para colectivos especialmente vulnerables, así como, no artigo 10, garantir o suministro para estes colectivos.

Artigo 15. Avaliación do risco sanitario

Debería especificarse un pouco máis o contido do protocolo de actuación, establecendo a incorporación de obrigas máis precisas, prazos máis concretos, así como as consecuencias dos incumprimentos que neste precepto se dispoñen.

Artigo. 16. Determinación das medidas a adoptar en situación de risco sanitario

Para maior claridade e seguridade xurídica, suxírese substituír a expresión “que poidan ostentar competencias” pola de “que ostente competencias”.

Disposición adicional 5ª. Imposto sobre as perdas de auga nas redes de abastecemento

Ademais de non ser consonte ao obxectivo desta lei a creación dun gravame ás perdas de auga nas redes de abastecemento, o CES considera que a creación dun novo sistema de gravame non pode recollese na lei de xeito aberto e indeterminado e plantexando dúas vías de gravame alternativas, senón que requiren dunha lei que defina un instrumento concreto no que se precisen todos aqueles aspectos para os cales o noso ordenamento xurídico establece unha reserva de lei.

Por outra parte, a expresión “promoverá gravar”, como previsión abstracta e de futuro, resulta de todo punto incongruente co conxunto do texto da disposición, sobre todo se temos presente que, de seguido, o anteproxecto debulla xa os elementos esenciais dunha das dúas opcións que se propón implantar, a creación dun novo imposto.

DITAME 4/19: ANTEPROXECTO DE LEI DE RESIDUOS E SOLOS CONTAMINADOS DE GALICIA



En data 5 de xullo de 2019 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto de Lei de residuos e solos contaminados.

O texto do anteproxecto foi remitido, en data de 5 de xullo, á presidencia e aos membros da Comisión Sectorial número 2, *Sector público e benestar social*,

competente por razón da materia, para a posterior elaboración do correspondente ditame, o cal, na súa sesión 6/19, de data 24 de xullo, acordou aprobar a proposta de ditame e remitila á Presidencia do Consello para a súa tramitación.

De xeito extraordinario, e en ausencia da presidenta, o secretario xeral do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 6/19, do 31 de xullo, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar cas seguintes consideracións:

CONSIDERACIÓNS XERAIS

- O CES considera necesario salientar a importancia que a educación e formación ambiental dos consumidores ten nesta materia, esperando que a súa inclusión no texto non se limite a ser unha enumeración de bos propósitos.
- A pesares da aposta decidida tanto pola normativa europea como pola estatal a prol da reciclaxe e valorización, o anteproxecto obxecto de ditame non cita as operacións R7: Valorización de compoñentes utilizados para reducir a contaminación e R10: Tratamento de chans que produza un beneficio á agricultura ou unha mellora ecolóxica dos mesmos recoñecidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- O proxecto alude en varias ocasións á posibilidade de intervención de varias Comunidades Autónomas no proceso de xestión e especialmente cando se producen traslados ou depósitos de residuos procedentes ou con destino noutra Comunidade Autónoma.

A este respecto o CES considera que as administracións autonómicas deberían estar coordinadas e dar traslado da información dunha administración a outra respecto da información xa consignada nunha delas.

- O CES considera que o artigo 4, correspondente a definicións, ten unha sistemática deficiente, existindo importantes solapamentos. Neste punto, propónse unha revisión xeral do anteproxecto (artigos 4, 11, 16...).
- O CES considera necesario garantir que as entidades locais teñan un financiamento suficiente para cumprir as súas responsabilidades en materia dos residuos que sexan obxecto do servizo de recollida municipal.

- O CES considera que debería contemplarse no anteproxecto aquela situación de produtos non catalogados ou cuxo proceso de certificación de residuos non estea desenvolvido.
- O CES considera pouco ambiciosas as obrigas da Administración de garantir o acceso á información recollida e elaborada por parte do goberno galego, e de facilitar a participación na planificación en materia de residuos. Neste senso, propón que se concreten na recollida, identificación e clasificación de toda a información necesaria e coa calidade que permita avaliar con claridade o cumprimento dos diversos obxectivos definidos (artigos 11,13, 16...). Para isto, o CES considera importante a posta en marcha dun sistema de indicadores para verificar o cumprimento dos diversos obxectivos (prevención, recollida separada, reciclaxe, compostaxe...) públicos aberto e contrastábel, que hoxe non existe. Isto contrasta co feito de que o anteproxecto incorpore a mención aos indicadores no artigo 16.6, sinalando que as administracións competentes “poderán fixar obxectivos e indicadores cualitativos e cuantitativos concretos”.
- En relación aos plans e obrigas recoñecidas no anteproxecto obxecto de ditame, o CES considera de grande importancia a participación e coordinación coa Consellería competente en materia de sanidade, polas implicacións da operativa da prevención e xestión de residuos sobre a saúde pública (artigos 15.1.f); 21).
- O CES considera que a participación prevista nos artigos 13, 16 e 21 debería facerse consonte á Lei 17/2008 de 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.

- Finalmente, o CES recorda a necesidade de que na exposición de motivos se faga alusión a que o proxecto de lei foi obxecto de ditame por parte do Consello Económico e Social de Galicia.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Artigo 2. Finalidade e obxectivos

O CES considera excesiva a concreción que no corpo da lei se fai dos obxectivos a acadar (artigo 2.2.), e entende que estes se poderían remitir a un anexo, outro texto ou instrumento de categoría análoga.

No concenrente ao apartado 3, cómpre mencionar expresamente quen é o suxeito das accións enumeradas (quen colaborará, impulsará e tomará medidas).

Artigo 4.- Definicións

O CES considera que para mellorar a comprensión da lei galega e que nesta queden perfectamente integrados aqueles preceptos da normativa básica estatal que posibiliten que os destinatarios da norma poidan ter unha visión intelixible e de conxunto da regulación aplicable, tal e como se suxire na Exposición de motivos do anteproxecto, debería incluírse neste anteproxecto como anexo o Anexo II da lei básica.

O anteproxecto de lei obxecto de ditame inclúe a definición de proxecto de investigación, desenvolvemento e innovación. O CES considera que o apartado de definición non é o lugar axeitado para definir un proxecto de I+D+i, así

como tampouco é propio incorporar aspectos regulatorios tal e como se fai neste apartado 13.

A pesar de que este artigo 4 fai referencia á lei básica estatal onde se define “residuo perigoso”, o CES considera necesario, dada a súa importancia, e para dotar de maior complitude ao apartado das definicións, incorporar o concepto de “residuo perigoso” tendo en conta ademais non só que neste mesmo artigo se defina o concepto “produtor de residuos perigosos”, senón tamén que no artigo 81 do anteproxecto menciónanse expresamente os residuos perigosos.

Artigo 7. Competencias das entidades locais

O apartado 3, letra d) reflicte que as Entidades Locais poderán obrigar ao produtor ou a outro posuidor de residuos perigosos domésticos ou de residuos cuxas características dificulten a súa xestión, a que adopten medidas para eliminar ou reducir esas características ou a que os depositen na forma e lugar axeitados. O CES considera que a nova Lei debería definir con máis precisión que se entende por residuos cuxas características dificulten a súa xestión, e quen debe habilitar os lugares axeitados para o depósito.

Ao mesmo tempo, na letra e) recolle que as Entidades locais, poderán tamén implantar sistemas de recollida separada de novas fraccións de residuos domésticos, de conformidade coa planificación establecida por parte da Comunidade Autónoma. O CES considera necesario aclarar que se entende por residuo doméstico, xa que estes non só se producen nos fogares senón tamén nas áreas industriais e de servizos.

Artigo 10. Protección da saúde humana e do medio

O CES considera que, no caso das operacións de compostaxe, tanto doméstica como comunitaria, deberían preverse na lei medidas (formación, información, normas de uso a desenvolver posteriormente) que garantan o cumprimento das condicións hixiénicas e da preservación dos dereitos de tódolos cidadáns evitando molestias (olores...) e riscos para a saúde.

Artigo 12. Principio de prevención e precaución

O título deste artigo fai referencia á prevención e á precaución, en tanto que no texto tan só se cita o principio de prevención. O CES considera que debe existir unha maior concordancia entre o título e o texto, sendo por tanto necesario aclarar se prevención e precaución son o mesmo termo ou dous diferentes.

Artigo 15. Información e concienciación cidadá

O CES considera necesario completar este artigo engadindo o concepto de formación, de xeito que o título sexa “Información, formación e concienciación cidadá” ou outro de análoga redacción.

Neste senso, e en coherencia co proposto anteriormente, habería que engadir un novo obxectivo prioritario cuxa redacción podería ser: *“Promover medidas de formación nesta materia, especialmente aquelas dirixidas á poboación escolar”* .

Artigo 18. Revisión e artigo 19. Duración

O CES considera máis coherente que o artigo 18 regule a duración e o artigo 19 a revisión por unha mera cuestión ordinal e secuencial.

Artigo 22. Recursos económicos

O artigo presenta como unha facultade da Xunta de Galicia o establecemento de medidas económicas financeiras e fiscais para fomentar a prevención da xeración de residuos, implantar a recollida separada, mellorar a xestión dos residuos, fortalecer os mercados de reciclaxe...

O CES considera que a Lei debería incorporar un mandato claro e non unha mera declaración posibilista para que a Xunta de Galicia conte cun plan con dotación financeira suficiente para conquistar eses obxectivos e facilitar aos produtores e xestores de residuos a súa mellora continua.

Artigo 23. Da Sociedade Galega de Medio Ambiente

En aras a unha maior claridade, o CES considera que a regulación da Sociedade galega de Medio Ambiente no art. 23 estaría mellor incardinada na Lei ao final do Capítulo II do Título I sobre “organización e competencias”.

TITULO II. Da produción, posesión e xestión de residuos.

O CES considera convinte facer unha referencia máis explícita ao rexistro de produción e xestión de residuos no que se inscriban as autorizacións e comunicacións que deriven da Ley 22/2011, de 28 de julio, de residuos e suelos contaminados, e as súas normas de desenvolvemento, cando o competente

sexa o órgano ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia, se sinalen os seus efectos e se estableza a publicidade do mesmo.

Artigo 30. Actividades suxeitas a comunicación previa

O texto obxecto de ditame, prevé que deberán comunicar ao órgano ambiental competente da Comunidade Autónoma de Galicia, a instalación, ampliación, modificación substancial ou traslado, con anterioridade ao comezo da súa actividade, as entidades ou empresas con instalacións situadas dentro da Comunidade Autónoma que realicen actividades de compostaxe comunitaria de biorresiduos.

Ao respecto, o CES considera que o novo texto debería aclarar se os produtores de biorresiduos estarán obrigados a realizar a compostaxe e, polo tanto, se precisan realizar esta comunicación previa á administración.

Por outra banda, o CES considera que o novo texto debería clarexar se as instalacións comúns para a compostaxe serán xestionadas pola administración ou polo propio produtor, ou a formación axeitada do persoal encargado, co fin de evitar prexuízos para a saúde pública ou risco sanitario.

Artigo 31. Restablecemento da legalidade ambiental

O CES considera que se debería prever un período de adaptación para aqueles operadores preexistentes á nova Lei, para acadar as autorizacións, facer as declaracións ou proceder ao rexistro que proceda, evitando o peche ou a suspensión que podería producirse dende a entrada en vigor da Lei.

Artigo 32. Traslado de residuos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia

O proxecto estipula que os traslados de residuos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia deberán cumprir unha serie de requisitos (contrato de tratamento, documentación...).

O CES considera necesario unha aclaración da xestión da loxística inversa que se dá habitualmente nos residuos comerciais (plástico, cartón), cando o produtor conta cunha plataforma propia e centralizada de xestión.

Artigo 39. Centros de recollida separada de residuos industriais

O CES considera que tanto nos polígonos industriais como nos parques empresariais se debería promover a xestión asociativa empresarial para o establecemento de puntos de recollida de residuos, tanto domésticos como industriais.

Artigo 42. Reducción do desperdicio alimentario

No concernente ao apartado 1 deste artigo, o texto do anteproxecto prevé que a Xunta de Galicia desenvolva actuacións encamiñadas ao fomento da redución da xeración do desperdicio alimentario na produción primaria, na transformación e fabricación, de venda comerciante polo miúdo e outros tipos de distribución alimentaria, restaurantes e servizos alimentarios, así como no fogar.

Tendo en conta que estas actuacións fan referencia a toda a cadea de produción, o CES considera necesario unha maior concreción na previsión legal.

O apartado segundo deste artigo prevé que os titulares de establecementos de restauración ou outros de natureza análoga están obrigados a ofertar a entrega das fraccións sobrantes de alimentación non consumidas á persoa que contratou o servizo de restauración.

Neste senso, dado que a medida pode implicar un risco sanitario importante, como cando afecte a produtos que deban manter a cadea de frío ou con ingrediente sensibles ou perecedoiros, o CES considera necesario unha maior concreción prevendo un desenvolvemento regulamentario propio, en coordinación coa administración competente en materia de saúde pública.

Ademais, esta falta de concreción pode traer consigo dificultades á hora de delimitar responsabilidades en caso de que xurda calquera problema, en orde a determinar se este foi provocado no establecemento ou por unha manipulación inaxeitada posterior. Por outra banda, deberán terse en conta casuísticas como a comida nos aeroportos ou nos banquetes, que debería dar lugar a xestións específicas.

Finalmente, debería especificarse o que se entende por menaxe ambientalmente sostible.

O apartado 3, letra c) deste artigo contempla a regulación futura da entrega dos excedentes alimentarios a organizacións sociais.

Ao respecto, o CES considera importante apostar polo apoio aos axentes que participan nesta entrega, sendo necesario que se consensúe un desenvolvemento regulamentario co obxectivo de minimizar, na medida do posible, as cargas burocráticas existentes.

Título V. Expropiación

O CES considera que pode resultar desproporcionado dedicar un Título independente á regulación expropiatoria. Tal regulación poderíase incluír noutro apartado da Lei, por exemplo, no Título II relativo á produción, posesión e xestión de residuos.

Artigo 50. Principios da política de solos

O CES considera que o anteproxecto, a fin de evitar duplicidades coa norma aplicable e a efectos de garantir un desenvolvemento sustentable, debería engadir aos xa contemplados neste artigo, un novo principio en relación cos solos da Comunidade Autónoma de Galicia, do seguinte ou similar teor:

“Unha solución ambiental única para a totalidade do solo, comprendido no ámbito de xestión que corresponda, que soporte unha actividade potencialmente contaminante”.

Título VII. Fomento

Este título resulta reiterativo á vista do regulado no art. 22 sobre medidas económicas e do regulado no art. 15 sobre información e concienciación cidadá.

Neste senso, o CES considera que deberían agruparse, na medida do posible, todas as medidas de fomento nun só título.

Artigo 70. Promoción

Este artigo contempla que a Consellería competente en materia de residuos realizará, con carácter anual, accións de promoción e difusión como potenciar a celebración de acordos cos sectores produtivos, representantes empresariais e sindicais e do asociacionismo ambiental, das asociacións de persoas consumidoras e doutras organizacións de participación cidadá.

O CES considera que a Lei debería concretar máis a finalidade e contido destes acordos e a súa natureza.

Artigo 77. Infraccións

Tal e como figura na Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia, o CES considera que este precepto debe comezar cunha referencia á lei estatal en relación ás infraccións tipificadas co obxecto de harmonizar a normativa aplicable.

Artigo 78.- Infraccións moi graves

O CES considera que é necesario engadir como infracción moi grave a reincidencia na comisión de infraccións graves.

Artigo 79. Gradación das sancións

O CES suxire que se valore a posibilidade de substituír, total ou parcialmente, a sanción de multa por unha prestación ambiental, coas garantías suficientes para que non se produza inseguridade xurídica.

DITAME 5/19: ANTEPROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA

En data 5 de agosto de 2019 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o anteproxecto de Lei de ordenación do territorio de Galicia.

O texto foi remitido á presidencia e aos membros da Comisión Sectorial número 3, *Desenvolvemento rexional*, competente por razón da materia que na súa sesión 3/19, de data 19 de setembro, acordou aprobar a proposta de ditame e remítilla á Presidencia do Consello para a súa tramitación.


O Pleno do Consello, na sesión 8/19, do 26 de setembro, acorda aprobalo cas seguintes consideracións:

CONSIDERACIÓNS

PARTICULARES

Artigo 3. Fins e obxectivos en materia de ordenación do territorio

A letra e) deste artigo establece que “A adecuación da planificación territorial das dotacións e dos solos produtivos á súa función vertebradora, definindo os



criterios de diseño, características funcionais e localización, que garantan a accesibilidade e a inserción da totalidade do territorio nunha racional dispoñibilidade dos ditos elementos estruturantes, promovendo un modelo de mobilidade sostible”.

O CES considera que debe facerse referencia, ademais de aos solos produtivos, aos mineiros. Os recursos mineiros aparecen mencionados na letra f) e tamén a explotación mineira na letra h). Coherentemente, debera recollerse tamén nesta letra e) que establece a adecuación da planificación territorial das dotacións e dos solos á súa función vertebradora.

Asemade, tendo en conta que o artigo 8 deste anteproxecto (O sistema rural de Galicia), no seu apartado segundo, fai referencia a “asegurar a permanencia no territorio da súa poboación”, o CES considera que entre os fins e obxectivos en materia de ordenación do territorio debería incorporarse expresamente o de evitar a despoboación do medio rural en base á actividade económica que nel se desenvolve.

Artigo 4. O desenvolvemento territorial sostible

A segunda oración do parágrafo 2 comeza pola expresión *“Estas demandas deberán responder...”*.

O CES considera que é necesaria unha aclaración en relación ao termo demandas ás que se refire este artigo, xa que non parece gardar conexión co texto que lle precede.

Artigo 6. A cohesión social e económica e a perspectiva de xénero

O CES considera que no seu apartado 1 debería clarificarse a expresión “combinación equilibrada de usos e grupos sociais” en aras a unha maior comprensión do texto.

Artigo 19. Suspensión motivada do planeamento urbanístico pola formulación dun instrumento de ordenación do territorio

No seu parágrafo 6 estipúlase que a suspensión extinguirase coa aprobación definitiva do instrumento de ordenación do territorio que motivou a súa adopción e, en todo caso, polo transcurso do prazo de dous anos a contar dende a data do acordo de suspensión, prorrogable por un ano máis.

O CES considera necesario eliminar a posibilidade de prórroga por un ano máis, ao entender suficiente o prazo de dous anos a contar dende a data do acordo de suspensión. Este mesmo prazo, sen posibilidade de prórroga, está previsto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia para o suposto de suspensión de licencias.

Artigo 33. Obxecto, ámbito e funcións dos plans sectoriais

No art. 33.2 establécese o listado dos ámbitos e sectores nos que poderán redactarse planes sectoriais, referíndose a letra f ás “*actividades produtivas, agroforestais e turísticas*”.

O CES considera que o apartado 2 deste artigo debería facer unha mención xenérica a actividades económicas, ou ben na letra f referirse tan só a “*actividades agroforestais e turísticas*”, para harmonizalo coa redacción deste mesmo apartado.

Artigo 38. Obxecto, ámbito e funcións dos proxectos de interese autonómico

O CES considera necesario mellorar a redacción do apartado 2 pois esta debe referirse á definición dos conceptos aos que se refiren as letras a, b e c do artigo 38.1.

Concretamente, nos apartados b) e c), a partir do enunciado do concepto correspondente debería, tal e como se fai no apartado a), introducir dous puntos, seguido da expresión “é o constituído polos ámbitos que sexan obxecto de....”

b) Solo destinado a vivendas protexidas: é o constituído polos ámbitos que sexan obxecto de...


c) Solo destinado á realización de actividades económicas: é o constituído polos ámbitos que sexan obxecto de...

Artigo 46. Eficacia da aprobación dos proxectos de interese autonómico

No suposto dos proxectos de urbanización de carácter privado (apartado 7) que se desenvolvan en máis dun concello o proxecto de urbanización deberá ser aprobado por cada un dos concellos afectados. Para estes efectos regúlase que os concellos poderán instrumentar mecanismos de colaboración.

O CES considera que se debería substituír na redacción o termo “*poderán*” por “*deberán*” aos efectos de unificar a tramitación dos expedientes.

DITAME 6/19: ANTEPROXECTO DE LEI DE MUSEOS E OUTROS CENTROS MUSEÍSTICOS DE GALICIA



En data 24 de outubro de 2019 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto de Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia.

O texto do anteproxecto foi remitido, en data de 30 de outubro, á presidencia e aos membros da Comisión Sectorial número 2, *Sector público e benestar social*, e aprobada a proposta na sesión

8/19 do 11 de novembro.

O Pleno do Consello acorda aprobar o ditame na sesión 9/19 do 21 de novembro cas seguintes consideracións:

CONSIDERACIÓN XERAL

O CES bota en falta, na parte final da exposición de motivos, a necesaria mención a que o texto do anteproxecto foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Máis alá do recollido no artigo 3.1, en relación ao sometemento ao réxime de protección da Lei do patrimonio cultural de Galicia para os bens declarados de interese cultural e os inmobles dedicados a museos de titularidade autonómica, o CES bota en falta a non inclusión como centros museísticos dos espazos, monumentos e bens inmobles con valores históricos, arqueolóxicos, ecolóxicos, industriais, etnográficos naturais e culturais de carácter museolóxico que reúnan, conserven e difundan conxuntos de bens culturais ou patrimonio vivo.

Artigo 3.- Definición e funcións dos museos. /Artigo 4.- Definición e funcións das coleccións museográficas. /Artigo 5.- Definición e funcións dos centros de interpretación do patrimonio cultural

O CES considera que a realización de prácticas curriculares en museos e outros centros relacionados do alumnado de titulacións en campos como os de museos, arquivos e bibliotecas, de historia, historia da arte, antropoloxía, xeografía ou documentación, redunda en beneficio do propio sistema museístico e da sociedade galega.

Por tanto, o CES propón engadir ás funcións dos centros museísticos a de contribuír á formación dos profesionais e investigadores das titulacións relacionadas coa natureza destes centros.

Artigo 10.- Consello de Centros museísticos de Galicia

O CES considera que o Consello dos Museos de Galicia debería ter unha maior participación no *“Deseño e planificación da política museística de Galicia”*, que na proposta actual se limita a unha mera labor informativa.

Por outra banda, atendendo aos sinalados criterios de pluralidade e representatividade, a Lei debería contemplar a posibilidade de ampliación do número de vogalías que prevé o apartado 2.b).

Artigo 23.- Réxime de visitas

O CES considera necesario que se contemple no artigo 23, ou nas normas de desenvolvemento da presente lei, o réxime de acceso acceso libre aos museos e outros centros museísticos de Galicia a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, entre outros.

Artigo 24.- Condicións de acceso

Se ben pode entenderse que as referencias ao principio de non discriminación e á atención aos colectivos con dificultades de integración atinxen tamén aos colectivos con discapacidade ou diversidade funcional, o CES entende que esta cuestión ben merece unha referencia expresa.

O CES bota a faltar nos artigos relativos ao Réxime de visitas e ás Condicións de acceso, algunha referencia expresa á garantía de accesibilidade universal. Cómpre aclarar que esta accesibilidade vai máis aló da simple eliminación de barreiras arquitectónicas, pois implica un esforzo por facilitar o desfrute do

patrimonio cultural aos diversos colectivos con discapacidade ou diversidade funcional.

Artigo 29.- Doazóns e legados

O CES considera que sería positivo que a norma presentase unha maior concreción das actuacións incluídas no plan de fomento de doazóns e legados artísticos e culturais que sexan de interese para preservar a identidade de Galicia.

2.2 REUNIONS DOS ORGANOS COLEXIADOS

Para cumprir as súas funcións, o CES organízase en comisións sectoriais de traballo, ademais dunha Comisión Permanente e o Pleno. A súa composición e estrutura poden consultarse na primeira parte desta memoria de actividades e, como todo o resto do material documental, na web do Consello.

A actividade do exercicio 2019 demandou a celebración de 10 sesións plenarias, 9 reunións da Comisión Permanente e 26 sesións das distintas comisións sectoriais que elaboran as propostas dos traballos. Resúmense de seguido os cometidos abordados por estes órganos colexiados:

Pleno: 10 sesións

- 1/19 celebrado o 11 de febreiro: aprobación da proposta de informe sobre o corredor atlántico . Galicia na rede básica transeuropea de transporte de mercadorías. Retos estratéxicos de futuro.
- 2/19 celebrado o 28 de febreiro: aprobación da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de ordenación farmacéutica de Galicia.
- 3/19 celebrado o 24 de abril: aprobación da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei do patrimonio natural de Galicia.
- 4/19 celebrado o 29 de maio: aprobación da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de medidas de garantía de abastecemento en episodios de seca e en situación de risco sanitario.
- 5/19 celebrado o 26 de xuño: informe da Presidenta da decisión de renunciar o cargo con motivo da reincorporación á vida política.
- 6/19 celebrado o 31 de xullo: acordo sobre a substitución temporal da Presidencia do CES, aprobación da Memoria socioeconómica de Galicia 2018 e aprobación do ditame de residuos e solo contaminados.

- 7/19 celebrado o 13 de setembro: PLENO EXTRAORDINARIO de toma de posesión do novo presidente do CES.
- 8/19 celebrado o 26 de setembro: aprobación proposta do ditame de ordenación do territorio e aprobación do orzamento do CES para 2020.
- 9/19 celebrado o 21 de novembro: ca aprobación de proposta do ditame de museos e aprobación do informe de seguimento do sector manufactureiro.
- 10/19 celebrado o 16 de decembro: comparecencia da conselleira de Política Social en relación co anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia co obxecto de trasladar o contido e alcance desta Lei.

Comisión Permanente: 9 sesións

- 1/19 celebrada o 6 de febreiro: tramitación da proposta de informe sobre Galicia na rede básica transeuropea de transporte de mercadorías. Retos estratéxicos de futuro. Dar conta da proposta do sistema de regulación para a xustificación das compensacións económicas ás organizacións do Consello. Informe da presidenta sobre a proposta de plan de actividades do CES para 2019. Reflexión e propostas para a eventual mellora e optimización dos resultados das xornadas que se organicen. Previsións respecto á incorporación de tres novos membros ao Pleno.
- 2/19 celebrada o 25 de febreiro: tramitación da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de ordenación farmacéutica de Galicia.
- 3/19 celebrada o 22 de abril: tramitación da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei do patrimonio natural de Galicia.
- 4/19 celebrada o 27 de maio: tramitación da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de medidas de garantía de abastecemento en episodios de seca e en situación de risco sanitario.
- 5/19 celebrada o 24 de xuño: informe da presidenta de renuncia a cargo.
- 6/19 celebrada o 29 de xullo: decisión en torno á Presidencia en funcións do CES. Tramitación da proposta de Memoria sobre a situación económica e

social de Galicia 2018. Tramitación da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de residuos e solos contaminados de Galicia.

- 7/19 celebrada o 23 de setembro: tramitación da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de ordenación do territorio de Galicia. Aprobación da proposta de orzamento do CES para 2020.
- 8/19 celebrada o 18 de novembro: Tramitación da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia. Tramitación da proposta de informe de seguimento do sector manufactureiro galego.
- 9/19 celebrada o 18 de decembro: Informe do presidente. Proposta de programa de actividades do CES para o 2020.

Comisión Sectorial nº 1- Economía, emprego e sectores produtivos: 2 sesións.

- 1/19 celebrada o 13 de maio: Explicación sobre o comezo dos traballos de seguimento do informe “Por unha alianza no sector industrial galego”. Aprobación do índice do informe de seguimento.
- 2/19 celebrada o 17 de outubro: Aprobación, do "Informe de seguimento do sector manufactureiro galego".

Comisión sectorial nº 2- Sector público e benestar social: 10 sesións.

- 1/19 en sesión do 19 de febreiro: análise da proposta de ditame sobre o anteproxecto da Lei de ordenación farmacéutica de Galicia.
- 2/2019 en sesión do 8 de abril: análise da proposta de ditame sobre o anteproxecto da Lei de patrimonio de Galicia.
- 3/2019 en sesión do 12 de abril: continuación da análise da proposta de ditame do anteproxecto de Lei de patrimonio de Galicia.

- 4/19 en sesión do 23 de maio: análise da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de medidas de garantía de abastecemento en episodios de seca e en situación de risco sanitario.
- 5/19 en sesión de 28 de xuño: presentación do contido do estudo “A realidade socioeconómica da muller en Galicia. Unha perspectiva multidimensional”.
- 6/19 en sesión do 22 de xullo: análise da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de residuos e solos contaminados de Galicia.
- 7/19 en sesión do 24 de xullo: continuación da análise da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de residuos e solos contaminados de Galicia.
- 8/19 en sesión do 11 de novembro: análise da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia.
- 9/19 en sesión do 27 de decembro: exámen de proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia.
- 10/19 en sesión don 27 de decembro: continuación da análise da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia.

Comisión sectorial nº 3- Desenvolvemento Rexional: 3 sesións.

- 1/19 celebrada o 1 de febreiro: análise da proposta de informe “Galicia na rede básica transeuropea de transporte de mercadorías. Retos estratéxicos de futuro”.
- 2/19 celebrada o 7 de febreiro: comparecencia do xefe de gabinete da Consellería do Mar para explicar as perspectivas e novidades do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e comparecencia tamén do subdirector xeral de Planificación e Coordinación de Fondos da Consellería de Medio Rural para falar dos recursos e plans para a agricultura.
- 3/19 celebrada o 19 de setembro: análise da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de ordenación do territorio de Galicia.

Comisión sectorial nº 4- Memoria socioeconómica: 11 sesións.

Como cada ano, a Comisión Sectorial nº 4 elaborou a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2018, para o que foron necesarias once sesións de análises e debates xurdidos das novas propostas froito do acontecer da nosa economía.

- 1/19 celebrada o 3 de maio: análise da proposta do Capítulo 2-Mercado de traballo e relacións laborais.
- 2/19 celebrada o 14 de maio: análise da proposta do capítulo 3- dinamismo do tecido produtivo. Análise do resumo do capítulo 2- Mercado de traballo e relacións laborais.
- 3/19 celebrada o 21 de maio: análise da proposta do Capítulo 4-Calidade de vida e benestar social.
- 4/19 celebrada o 28 de maio: continuación da análise da proposta do Capítulo 4- Calidade de vida e benestar social.
- 5/19 celebrada o 6 de xuño: análise da proposta do Capítulo 1- Panorama económico. Análise do resumo do capítulo 1- Panorama económico. Análise do resumo do capítulo 3- Sectores produtivos.
- 6/19 celebrada o 14 de xuño: análise da proposta do Capítulo 5- Recursos e capacidades para o desenvolvemento. Nova análise dos resumos dos capítulos 1 e 3.
- 7/19 celebrada o 20 de xuño: remate da análise da proposta de resumo do capítulo 3- Dinamismo do tecido produtivo e análise dos resumos dos capítulos 4 e 5.
- 8/19 celebrada o 1 de xullo: revisión final dos capítulos 1e 2 e análise da proposta de consideracións dos capítulos 1e 2.
- 9/19 celebrada o 5 de xullo: revisión final do capítulo 3 e análise da proposta de consideración do capítulo 3.

- 10/19 celebrada o 12 de xullo: revisión final do capítulo 4 e 5 e análise das propostas de consideracións dos capítulos 4 e 5.
- 11/19 celebrada o 18 de xullo: revisión final do capítulo 5. Análise da proposta de consideracións do capítulo 5 e revisión final dos resumos e consideracións da Memoria.

2.3 ACTIVIDADE INSTITUCIONAL E PROXECCIÓN

Xunto coa a súa actividade interna, dirixida á plasmación do seu labor consultivo, o CES desenvolve tamén actividades de tipo externo como colaboracións con outros organismos, participación en organizacións de ámbito tanto comunitario como europeo, nun intento de proxectar á sociedade os pareceres, as opinións, as inquedanzas sociais e económicas das organizacións, entidades e asociacións representadas no seu seo.

As actividades levadas a cabo no 2019, seguindo orde cronolóxica son as seguintes:

- **Fondos europeos 2021-2027: 7 de febreiro.**

Enmarcada no contexto do traballo que está a abordar o CES sobre os fondos de cohesión europeos na perspectiva 2021-2027, tivo lugar a comparecencia de responsables técnicos das consellerías do Mar e do Medio Rural para explicar, nunha sesión da Comisión sectorial nº 3, pero aberta aos outros membros, as novidades que prevén os seus respectivos departamentos.

A sesión comezou coa exposición do xefe de gabinete da Consellería do Mar, para explicar as perspectivas e novidades do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

Logo dunha exhaustiva explicación das liñas de traballo nas que están a traballar na consellería neste eido, foi o turno da comparecencia do subdirector xeral de Planificación e Coordinación de Fondos da Cª do Medio Rural que falou dos recursos e plans para a agricultura.



- **Acto entrega de galardons da V Edición do Premio “Valentín Paz Andrade” de investigación en economía de Galicia: 14 de febreiro.**

No marco da colaboración que se mantén coa Universidade de Santiago, e en concreto co IDEGA, a participación na convocatoria do V Premio de Investigación en Economía de Galicia “Valentín Paz Andrade”, convocado co obxecto de recoñecer e premiar aqueles traballos de investigación que contribúan ao mellor coñecemento da realidade económico-social de Galicia e ao establecemento das mellores políticas para contribuír ao benestar dos seus cidadáns. Nesta convocatoria 2018, o xurado, reunido no salón reitoral do Pazo de Fonseca e despois das necesarias deliberacións, otorgou o premio na modalidade 1 ao artigo sobre turismo en Santiago de Compostela "Length of stay: Evidence from Santiago de Compostela" publicado por Xosé A. Rodríguez, Fidel Martínez-Roget e Pilar González-Murias na revista *Annals of Tourism Research*; o xurado destacou o carácter novidoso do traballo e a exhaustividade do mesmo, cun rigoroso análise estatístico que permite tirar conclusións relevantes para o deseño da política turística na área de Santiago de Compostela.

E na modalidade 2, o premio foi para a tese “Circulación monetaria y crédito en Galicia al final del Antiguo Régimen” de Francisco Cebreiro Ares, neste caso o xurado destacou a relevancia do obxecto de estudo, a orixinalidade do enfoque e o rigor metodolóxico do mesmo, que aborda "un tema escasamente analizado ata agora e sobre o que fai unha contribución sobresaínte".



Na súa intervención no acto, a presidenta do Consello lembrou a importancia da investigación como forma de coñecemento da realidade para unha mellor toma de decisións e o decidido apoio do CES neste campo e animou aos presentes a comezar a traballar para unha vindeira convocatoria destes premios.

**Ainda que esta resolución do premio foi incluída na memoria do 2018 por ser da V edición e de carácter anual, o acto de entrega de galardóns foi celebrado no 2019 polo o criterio de inclusión neste documento seguirá a data de celebración a partires deste ano.*

- **O futuro do sistema de pensións: 25 de marzo.**

No marco de colaboración co IDEGA (USC) presentouse unha Xornada aberta polo profesor Angel de la Fuente, destacado experto na materia, ca conferencia “Cara unha nova reforma do sistema de pensións?” onde explicou os distintos escenarios que se están a contemplar para a reforma do sistema.

Seguindo a xornada o profesor Miguel Vázquez Taín ca conferencia “O sistema público de pensións en Galicia: elementos diferenciais”, fixo fincapé nos elementos particulares da nosa comunidade en canto a estrutura poboacional, demográfica e económica que condicionan o futuro do sistema no caso de Galicia.



Representantes dos axentes económicos o sociais do CES coincidiron en salientar a necesidade de atopar consensos para levar a cabo as necesarias reformas do sistema público de pensións para garantir a súa continuidade, sostibilidade e equidade. No marco da xornada sobre O futuro do sistema público de pensións , membros das organizacións sindicais e empresariais

expresaron opinións coincidentes na conveniencia de manter o sistema no futuro, como un dos piares do estado do benestar.

- **RTA-CES atlánticos europeos en Rennes (Francia): 21 de maio.**

O Comité de Orientacións da Rede Transnacional Atlántica (RTA) de Consellos Económicos e Sociais reuniuse na localidade francesa de Rennes, coa presenza de presidentes e secretarios xerais dos organismos. Na reunión, os membros da RTA puideron coñecer o estado dos traballos que desenvolve a organización, en particular sobre a revisión do plan de acción da Estratexia Atlántica. Tamén coñeceron os traballos que leva a cabo o grupo de traballo sobre o corredor atlántico de transportes.

A sesión rematou coa elección do representante do CESER da Bretaña, Patrick Caré, como novo presidente da organización para os vindeiros dous anos.



- **Acto de toma de posesión do novo presidente do CES, Agustín Hernández Fernández de Rojas: 13 de setembro.**

Logo de preto de oito anos Corina Porro, cesou, a petición propia, como presidenta do CES poñendo fin a un período de apertura e consolidación da institución.

A persoa elixida para ocupar o cargo, logo de cumpridos os trámites legalmente establecidos, foi Agustín Hernández Fernández de Rojas, que salientando a súa aposta por reforzar a independencia e a obxectividade do organismo tomou posesión nun acto celebrado na sede do Consello, coa presenza dos membros do CES, de diversas autoridades e do presidente da Xunta. Hernández lembrou o papel institucional do organismo como “pedra angular” do entramado institucional de Galicia “ á hora de deseñar medidas que beneficien á cidadanía”.

O novo presidente insistiu en que o seu obxectivo á fronte do CES vai ser que este organismo continúe a ser un punto de debate e encontro a prol de Galicia.

No acto de toma de posesión, enmarcado nunha sesión do Pleno do CES, Hernández estivo acompañado polo presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, polo conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, e pola ex presidenta do CES –agora delegada da Xunta de Galicia en Vigo–, Corina Porro, entre outras autoridades.

Pola súa banda, o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, amosouse convencido de que Hernández “será un presidente tecedor de acordos” no exercicio do seu novo cargo e abogou mesmo por trasladar fóra do organismo o espírito consensual que caracteriza ao Consello Económico e Social de Galicia “para contaxiar ao conxunto da política”.

Durante o acto de toma de posesión do novo presidente, Feijóo salientou a importancia de preguntarse constantemente pola utilidade das decisións para o benestar das persoas e lembrou que a democracia parlamentaria enriquecese con outra institucional, que ten a súa sede neste organismo, que

calificou de “útil e importante”. O presidente da Xunta incidíu finalmente na responsabilidade que asume Hernández para manter o CES como o gran punto de encontro do tecido institucional galego e a sociedade civil.

“Galicia ten aquí un faro que proporciona reflexións, estudos e propostas que se fan con calma e, a meirande parte das veces, con consenso”.



- **CONVOCATORIA 2019: VI EDICIÓN DO PREMIO “VALENTÍN PAZ ANDRADE” : 1 de outubro**

No marco da colaboración que se mantén coa Universidade de Santiago, e en concreto co IDEGA, a participación na convocatoria do VI Premio de Investigación en Economía de Galicia “Valentín Paz Andrade”, convocado co obxecto de recoñecer e premiar aqueles traballos de investigación que contribúan ao mellor coñecemento da realidade económico-social de Galicia e ao establecemento das mellores políticas para contribuír ao benestar dos seus cidadáns.

O premio ten dúas modalidades: os traballos de investigación publicados en revistas científicas ou en editoriais recoñecidas, entre o 15 de outubro de 2018 e o 14 de outubro de 2019 e premiar tamén as teses de doutoramento presentadas dende o 15 de outubro de 2018 ata o 14 de outubro de 2019.

A presentación de candidaturas ten lugar entre o 1 de outubro e o 15 de novembro de 2019 e o xurado emite resolución razoada do fallo que se fai público antes do 20 de decembro do 2019.

O Xurado esta composto polos seguintes membros:

- O RETOR DA USC, que o preside
- A PRESIDENTE DO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA
- O DIRECTOR DO IDEGA, que actúa de secretario
- UN MEMBRO DO CONSELLO CIENTÍFICO DO IDEGA, designado por este
- UN MEMBRO DO CONSELLO ECONÓMICO-SOCIAL, designado por este
- TRES PERSOAS DE TRAXECTORIA RECOÑOCIDA NA INVESTIGACIÓN EN CIENCIAS SOCIAIS EN GALICIA.

A resolución do Xurado, ten en conta os seguintes criterios: relevancia da contribución para o progreso do coñecemento da realidade socioeconómica de Galicia e relevancia para a mellor asignación dos recursos, o impulso ao crecemento ou ao emprego e á consecución de cotas máis altas de equidade. A dotación do premio para a primeira modalidade es de 2.000 euros e de 1.000 euros para a segunda.



- **Comparecencia no Parlamento de Galicia: 30 de outubro.**

O presidente do CES-Galicia, Agustín Hernández, compareceu ante a Comisión parlamentaria de orzamentos para explicar os proxectos do organismo para o exercicio de 2020 e as contas previstas para levalos a cabo.

Logo de dar conta dos documentos aprobados neste ano, o presidente adiantou os informes nos que está a traballar o CES e as previsións para estes vindeiros meses. Entre outros, fixo referencia ao impacto turístico da Ruta da Plata, a un informe sobre a situación da muller, ao seguimento da situación da industria manufactureira ou a un estudo integral sobre o medio rural. Todos estes traballos, así como os ditames que se requiran desde a Xunta, serán elaborados desde a premisa da independencia do organismo.

Logo dun incremento de preto do 4%, o orzamento do CES para 2020 ascende a 993.031 euros, un lixeiro aumento que é consecuencia da suba da partida destinada a gastos de persoal e da partida para atender os gastos previstos para a celebración dos 25 anos da creación do CES, que se cumprirán no vindeiro verán. "Este incremento vai levar aparellado un impulso da actividade do organismo sobre todo no ámbito dos informes a realizar a iniciativa propia e tamén no relativo a realización de xornadas de debate sobre temas económicos e sociais de interese xeral".

Nas súas intervencións de resposta, os voceiros dos distintos grupos da Cámara alabaron o labor do Consello, insistiron na súa importancia como foro de diálogo da sociedade civil e lembraron a necesidade de manter a súa independencia.

- **Observatorio Galego de Dinamización Demográfica: 11 de novembro e 16 de decembro.**

O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, órgano colexiado asesor no que participa o CES, e que celebra as súas sesións na sede no CES, ten entre as súas funcións as de recompilar, analizar e intercambiar información relevante desde o punto de vista demográfico; definir e aplicar indicadores que permitan medir as variables demográficas, con especial atención ao fenómeno da exclusión territorial ou á singularidade e especificidade dos impactos do cambio demográfico en Galicia; realizar e divulgar os estudos e traballos que resulten de interese dende o punto de vista demográfico; promover a produción de material documental de interese; identificar as iniciativas en materia de dinamización demográfica; e formular propostas e recomendacións para ser consideradas na configuración das liñas estratéxicas da acción pública de Galicia.

No ano 2019, logo de máis de 300 alegacións plantexadas pola sociedade civil ao documento inicial, das que se incorporaron preto do 80%, presentouse o texto do anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia que logo foi sometido a ditame do Consello Económico e Social. A conselleira de Política Social, Fabiola García, presentou a norma nunha sesión plenaria do Observatorio.

Tanto a conselleira como o presidente do organismo consultivo, Agustín Hernández, gabaron o consenso e as aportacións que realizaron axentes sociais, organizacións, grupos políticos, sindicatos e mesmo particulares para enriquecer unha norma que ten como obxectivo facer fronte ao reto demográfico, un dos problemas máis preocupantes para Galicia.

O pleno do Observatorio acolleu positivamente a proposta normativa e, con ese aval, a tramitación da Lei de impulso demográfico pasou polo CES, para voltar despois ao Consello da Xunta e, finalmente, ser debatida no Parlamento autonómico.



A conselleira de Política Social, que, a petición propia, compareceu no Pleno do CES para explicar as liñas mestras, a filosofía e os obxectivos do anteproxecto.

Indicou que o obxectivo é conseguir que o texto normativo conte co apoio dunha ampla base social, xa que para afrontar a situación “é necesaria altura de miras, visión de longo prazo e, sobre todo, unha clara e inequívoca vocación de consenso”.

Pola súa banda, os representantes das organizacións do CES agradeceron a presenza da conselleira e a súa vontade de acadar consensos, un dos principios de actuación do organismo. Lembraron, a maiores, que, no proceso de elaboración do ditame sobre o anteproxecto, a Comisión sectorial nº 2, tentou aportar melloras para contar cunha normativa que cumpra cos seus obxectivos para abordar un dos grandes retos para o futuro de Galicia.



- **CONVENIO DE COLABORACIÓN CA DEPUTACIÓN DE OURENSE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO PARA ELABORACIÓN DUN ESTUDO SOBRE AVALIACIÓN E ANÁLISE DO POTENCIAL DO CAMIÑO DE SANTIAGO-VIA DA PRATA PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE A ESCALA LOCAL.**

No marco das relacións de intercambio e colaboración, en particular, dentro do ámbito socioeconómico, preténdese establecer as liñas de actuación conxunta, dende as diferentes responsabilidades para o desenvolvemento local dos núcleos polos que transcorre o Camiño de Santiago-Via da Prata, maioritariamente na provincia de Ourense.

Son moitos os núcleos rurais polos que transcurre e de baixa poboación polo que se considera necesario desenvolver unha cooperación tendente a garantir que os servizos se presten de xeito que se consigan os obxectivos comúns e o interese público.

• PRESENCIA INSTITUCIONAL

Como parte da súa actividade, tanto a presidenta/e coma o secretario xeral participaron en distintos actos en representación institucional do Consello.

No ano 2019 e por orde cronolóxico foron os seguintes:

- 11 de xaneiro:** Acto de entrega dos “PREMIOS DA CULTURA GALEGA 2018” no Monasterio de Sta. M^a de Montederramo
- 25 de xaneiro:** Acto de entrega do “Premio Economía” para Centro Vigo do Grupo PSA Peugeot Citroën celebrado no Auditorio de Afundación en Vigo.
- 28 de xaneiro:** “Xornada para o impulso do Corredor Atlántico Noroeste”, na Cidade da Cultura de Galicia en Santiago de Compostela.
- 14 de febreiro:** Acto da entrega dos Premios “Valentín Paz Andrade” de Investigación en Economía de Galicia e “Jesús García Calvo” de Investigación en Desenvolvemento Rural e Cooperativismo, no Salón Nobre De Fonseca, no Pazo de San Xerome.
- 15 de febreiro:** Acto “FORUM EUROPA. Tribuna Galicia” con Carmen Pomar, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no Parador dos Reis Católicos.
- 20 de febreiro:** Visita as instalación de CONGALSA en Pobra do Caramiñal.
- 26 de febreiro:** Acto “FORUM EUROPA” con Alberto Núñez Feijóo, Javier Fernández Fernández y Juan Vicente Herrera Campo, Presidente de la Xunta de Galicia, Principado de Asturias y Junta de Castilla León respectivamente en Hotel Westin Palace de Madrid.
- 28 de febreiro:** Cena conmemorativa del 115 Aniversario de ANFACO-CECOPESCA y I Premio de Diseño Anfaco-Fundación Banco Sabadell en Hotel Pazo los Escudos en Vigo.
- 1 de marzo:** Actos del 526 Aniversario de la Arribada de la Carabela La Pinta en Baiona.
- 11 de marzo:** Sessao evocativa dos 50 anos da CCCR-N no Auditorios do Museo de Sarralves en Oporto.

- 21 de marzo:** Actos de conmemoración do “DÍA MUNDIAL DA SÍNDROME DE DOWN” no Salón de Actos do Teatro Salesianos de Vigo.
- 22 de marzo:** X Cena Benéfica da Fundación Balms para la Infancia no Hotel Pazo los Escudos en Vigo.
- 25 de marzo:** Acto de Toma de Posesión de la Junta de Gobierno del Colegio de economistas de Pontevedra en el Círculo de Empresarios de Galicia- Club Financiero de Vigo.
- 8 de abril:** Almorzo-Coloquio con Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo do Circulo de Empresarios de Galicia.
- 8 de abril:** Inauguración da expo e presentación libros do Faro de Vigo.
- 25 de abril:** Acto conmemorativo do Instituto Cultura Ciencia y Tecnología polo 10º Aniversario da revista “INVESTIGACIÓN” no Auditorio da sede Afundación de Vigo.
- 3 de maio:** Acto da entrega do Premio decolumnismo José Luis Alvite da Asociación de Periodistas de Galicia a Carlos Luis Alvite.
- 3 de maio:** Acto da entrega de medallas Anfac-Cecopesca 2019 no Círculo de Empresarios de Galicia en Vigo ca medalla de prata para Corina Porro Martínez.
- 9 de maio:** Xornada “ECONOMÍA CIRCULAR. Crecemento/Crecemento e emprego en Galicia e Norte de Portugal” na sede da Confederación de Empresarios de Galicia en Santiago.
- 9 de maio:** Almorzo-coloquio con Elena Muñoz “Vigo es Mas” na sede do Círculo de Empresarios de Galicia en Vigo.
- 10 de maio:** Clausura oficial do Congreso Mundial 2019 de Balms Group International no Hostal dos Reis Católicos en Santiago.
- 13 de maio:** Acto conmemorativo do 175 Aniversario da Fundación del Cuerpo no Pazo de Mariñán en Bergondo.
- 28 de maio:** almorzo –coloquio con Luís Quinteiro, obispo diocesano de Tui-Vigo no Círculo de Empresarios de Galicia en Vogo.
- 3 de xuño:** presentación do libro e programa da TVG “Anecdulario do Parlamento de Galicia” no Pazo do Hórreo en Santiago.
- 5 de xuño:** Xornada “O futuro da economía social” en Santiago.
- 17 de xuño:** Presentación de resultados do Programa Operativo de Cooperación Transfonteriza España-Portugal (POCTEP) no Museo do Mar de Galicia en Vigo.

- 19 de xuño**: Almorzo-coloquio con Juan Carlos Escotet, presidente de Abanca no Círculo de Empresarios de Galicia.
- 27 de xuño**: Recepción en honor as Exmas. Autoridades de Galicia do Honorable Cuerpo Consular en Vigo.
- 28 de xuño**: Acto de imposición das Medallas Castelao 2019 na Igrexa de Santo Domingo de Bonaval en Santiago de Compostela.
- 29 de xuño**: Visita guiada al Portaavions “Juan Carlos I” da Comandancia Naval de Vigo.
- 30 de xuño**: Xura de Bandeira do Personal Civil no Portaavions “Juan Carlos I” en Vigo
- 3 de xullo**: Sexta edición da Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca na sede de Arvi en Vigo.
- 18 de xullo**: Acto de celebración dos “Trinta anos da Lei Estatística de Galicia (LEG) e do Instituto Galego de Estadística (IGE)” no Complexo Administrativo de San Lázaro.
- 25 de xullo**: Acto de Saúdo ao Delegado Rexio, Exmo. Sr. D. Miguel Angel Santalices Vieira na Praza do Obradoiro.
- 20 de setembro**: Acto de toma de posesión de José María Gómez y Díaz-Castroverde como presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- 17 de setembro**: Acto “Forum Europa. Tribuna Galicia” con D. Jesús Vázquez, alcalde de Ourense no Parador dos Reis Católicos en Santiago de Compostela.
- 9 de outubro**: Foro de debate: I Panel de Seguimiento Financiero de la Economía Gallega: GRANDES RETOS DE LA ECONOMÍA GALLEGA EN LA ERA DIGITAL .
- 15 de outubro**: “Homenaxe a Amparo. Retratos de compañeiros no exilio e outros” da Fundación Eugenio Granell.
- 21 de outubro**: Xornada de apertura de conferencias extratécnicas de TALENTIA SUMMIT 19 no Auditorio de Galicia en Santiago.
- 28 de outubro**: Almorzo-coloquio con Miguel Angel Santalices Vieira “UN PARLAMENTO ABERTO Á SOCIEDADE E Á EMPRESA DE GALICIA” no Círculo de empresarios de Galicia.
- 5 de novembro**: Encuentros conCEP: con Ethel Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestructuras e Mobilidade que falou de Infraestructuras y Plataforma Atlántico Noroeste na sede do CEP en Vigo.

- 6 de novembro**: Xornada: “Situación actual da Alta Velocidade en Galicia ” no Club Financiero Atlántico da Coruña.
- 7 de novembro**: Inauguración: “Aproximación á obra de Valle-Inclán na Fundación Eugenio Granell en Santiago.
- 14 de novembro**: Inauguración da Exposición “Galicia, un relato no mundo” no Museo Centro Gaiás en Santiago.
- 15 de novembro**: acto de presentación da “EXTRATEXIA GALEGA DE CAMBIO CLIMÁTICO E ENERXÍA 2050” na Cidade da Cultura en Santiago.
- 21 de novembro**: Tertulia “Diálogos de plástico” da Unión de Consumidores de Galicia e Mercadona na sede de Afundación en Santiago.
- 21 de novembro**: acto de presentación do libro “Colección de arte do Parlamento de Galicia” no Pazo do Parlamento.
- 21 de novembro**: Xornada de presentación Consulta preliminar ao Mercado SMARTiago no Hostal dos Reis Católicos en Santiago.
- 26 de novembro**: Acto de entrega dos PREMIOS SERENIDADE da Radio Galicia Cadena Ser no Auditorio de Galicia .
- 28 de novembro**: Acto de entrega de PREMIOS MENINAS, polo Delegado do Goberno en Galicia no Hostal dos Reis Católicos.
- 28 de novembro**: IV Foro “Alternativas de financiación para el crecimiento y la internacionalización” na sede da CEG en Santiago.
- 28 de novembro**: Acto de sinatura do novo texto do ACORDO INTERPROFESIONAL GALEGO SOBRE PROCEDIMENTOS EXTRAJUDICIALES DE SOLUCIÓN DE CONFLICTOS DE TRABALLO (AGA) na sala de xuntas do Consello Galego de Relacións Laborais en Santiago.
- 3 de decembro**: Acto da I Gala de entrega dos premios Galicia de Turismo no Teatro Rosalía de Castro na Coruña.
- 9 de decembro**: Acto da entrega dos PREMIOS PUBLICIDADE EN GALEGO no Pazo do Parlamento de Galicia.
- 9 de decembro**: Presentación do libro “Una España mejor” de Mariano Rajoy, no Auditorio da Fundación Abanca en Santiago.
- 10 de decembro**: Acto de sinatura dos ACORDOS DE DIÁLOGO SOCIAL DO ANO 2019 no Pazo de Raxoi en Santiago.
- 11 de decembro**: Acto de proclamación de candidatos de Galicia del PREMIO EMPREDEDOR DEL AÑO 2019 en Hostal Reis Católicos de Santiago.

-16 de decembro: Acto de entrega dos “Premios Manuel Beiras” da Cámara de Comercio e o Concello de Santiago celebrado no Teatro Principal.

-17 de decembro: Celebración do Foro de Puertos del Estado del Noroeste “El Noroeste en los corredores del Atlántico: retos y estrategias” na Estación Marítima de Vigo.

Salas

Na sede do Consello e concretamente na súa sala de plenos, acollemos tamén reunións doutros organismos que o longo do ano levaron a cabo diversas actividades e reunións. Así, no ano 2019 tiveron lugar as seguintes:

-15 de xaneiro: Reunión do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE).

-18 de xaneiro: I Reunión da Comisión Interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030.

-19 de febreiro: Celebración do Consello Forestal de Galicia.

-22 de febreiro: Reunión do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

-1 de marzo: Consello Galego de Relacións Laborais: Visita de alumnado da Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña.

-15 de marzo: Sesión ordinaria do Consello Galego de Acción Voluntaria.

-12 de xuño: Reunión do Comité de seguimento FEDER.

-17 de xuño: Reunión do Consello Galego de Medio Ambiente de Galicia.

-21 de xuño: Reunión do Comité de seguimento do PO FSE Galicia.

-8 de xullo: Reunión do Pleno do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.

-9 de outubro: I Panel de Seguimento Financeiro da Economía Galega da USC.

-23 e 24 de outubro: Dous Workshop: Santiago Lago. UVigo.

-10 de decembro: Segunda Reunión Ordinaria do "Consejo Asesor" de Fundación Inade.

